



Homenaxe
do IES Lucus Augusti e antigos alumnos
ó profesor
D. XESÚS ALONSO MONTERO

19 de abril do 2024

A D. XESÚS ALONSO MONTERO, SEMPRE

PALABRAS

HOMENAXE A XESÚS ALONSO MONTERO EN LUGO, O 19 DE ABRIL DE 2024

Hei salientar, antes de nada, a profunda emoción e a singular ledicia que sen dúbida nos embarga a todos os que estamos aquí reunidos, por sentírmonos acubillados nunha cidade que noutro tempo nos acolleu dentro das súas murallas, que hoxe xa non pechan nada senón que lle abren a Lugo os horizontes da universalidade e da confraternidade.

Somos moitas e moitos os que empezamos a percorrer os camiños das nosas vidas entre as catro paredes do Instituto Masculino de Ensino Medio, do Instituto Feminino e da Escola de Maxisterio de Lugo, nos que Xesús Alonso Montero –Don Xesús por respectuosa, pero tamén cariñosa antonomaxia– profesou a súa extraordinaria sabedoría exercendo de maneira maxistral o libre albedrío e a conciencia crítica nos tempos que foron case sempre de ignominia, de miseria intelectual e de privación de liberdade.

As vidas das daquelas épocas, se cadra en moitos casos, sempre demasiados, en todo caso, xa foron dar ao mar como nas coplas de Jorge Manrique que tan ben nos explicaba o noso homenaxeado nas súas clases. O filósofo grego Anacarsis xa dicía, hai case 3.000 anos, que as persoas divídense en tres categorías: os vivos, os mortos e os que andan no mar. Eu quero lembrar hoxe aquí aos que están no mar porque morrer non nos morre ninguén se sabemos gardalos na memoria. E nós, que somos xente civilizada que odia as guerras e ama a paz e a concordia, sabemos e queremos manifestar a nosa lembranza respectuosa polos alumnos e alumnas de Don Xesús que xa foron durmir fóra do mundo das calamidades. Lembranza que extendemos igualmente aos profesores e profesoras que acompañaron a Alonso Montero nas tarefas docentes que formaron e ilustraron a varias xeracións de aprendices da vida.

E, dito todo isto, que tal se lles falo algo do protagonista deste acto? Particularmente eu, cheguei ao Instituto Masculino no curso 1959-1960 para facer o que daquela se chamaba Bacharelato Superior (quinto, sexto e Preuniversitario). Eu procedía do

denominado ensino libre que me impartira o meu primeiro gran mestre, Enrique Muruais, na súa escola de Vilameá (A Pontenova), e aterrar nas clases de Don Xesús foi como empezar a descubrir de verdade o que había no mundo.

Non sei como serían as ágoras gregas ou os concilios romanos – ou seino só polas exploracións librescas– pero dou por certo que as aulas de Alonso Montero pouco lle tiñan que envexar aos grandes mestres das escolas filosóficas helenísticas, con permiso de Don Froilán, que daquela era o profesor de Latín que dirixía o Instituto.

O primeiro que me chamou a atención da pedagogía impartida polo profesor de Literatura foi que nos falaba aos alumnos como seres que non eramos invisíbeis nin desiguais. Sentímonos tratados como se fosemos os “compañeiros del alma, compañeiros” que o mestre Alonso Montero nos descubría saboreando os versos da *Elxía* de Miguel Hernández a Ramón Sijé. Aqueles mozos do Masculino e aquelas mozas da Escola de Maxisterio tardamos pouco en decatármonos de que estabamos gozando do privilexio de sermos tratados como xente do futuro que merecía consideración, comprensión e aprezo por parte dos que nos podían abrir os ollos, o corazón e o cerebro á intemperie que nos agardaba alí fóra e que nos podía xerar o corazón, por dicilo con algunhas palabras do Antonio Machado que nos ía desvelando e que tanto amou e respectou sempre o noso profesor máis significativo e emblemático. Se Juan de Mairena andase agora por aquí, seguramente erguería a man para apostilar que se sumaba a unha homenaxe tan merecida coma que lle estamos dedicando á persoa que tanto significou nas nosas vidas. Falo por min, pero estou convencido de que a maioría dos presentes fan súas estas palabras de loubanza ao noso Jean-Paul Sartre particular.

Porque esta é outra. Naqueles tempos, canto tardariamos algúns en saber algo de Sartre, de Simone de Beauvoir, de Carlos Marx, de Rosa Luxemburgo, de Antonio Gramsci, de György Lukács,

de Bertolt Brecht –ou de Salvador Espriu, de Ricard Salvat e do Gregorio San Juan de Tomás Meabe, sen ir máis lonxe– se non gozamos do privilexio de sermos discípulos do autor de tantos libros senllerios da literatura, da sociolinguística e da política galegas?

E logo está esa incomparable capacidade súa de remover conciencias e de axitar as memorias máis activas. Alonso Montero nunca se limitou a explicar literatura, filoloxía ou gramática. Ensinounos a pensar, a analizar a realidade, sopesar e comprender as cousas e os fenómenos, a preparármolos para ser cidadáns dun tempo e dun lugar. A practicar o “aquí e agora” sartriano de xeito merecido. A comprender e interpretar a dialéctica da evolución humana. O paso do tempo co peso da civilización e da Historia.

Tamén nons ensinou Xesús a entender, aprezoar e respectar a natureza cando aínda non había *greenpeaces* nin ecoloxismo militante case de ningún tipo. Lembro con especial emoción unha excursión á que nos levou polos montes e as aldeas dos Ancares alá polo ano 1961 ou 1962. Arturo Reguera, que anda por aquí, ou Federico Ordax, que non puido vir e ao que lle dedico unha especial lembranza, corroborarían sen dúbida esta miña apreciación: as clases de Alonso Montero é como se fosen unha extensión case clandestina das experiencias das Misiós Pedagóxicas da Segunda República ou un apartado da mellor Misión Biolóxica de Galicia.

Podería extenderme sobre este ensino de campo impartido por Don Xesús durante o seu fecundo paso polas aulas de Lugo. Ou falar de como nos foi transmitindo os coñecementos antropolóxicos sobre Galicia a través do seu amigo Carmelo Losón Tolosana, a quen eu despois fun atopando varias veces nas romarías do Corpiño, preto de Lalín. Podería relatar como me meteu a min na interesante aventura de facer a *Gran Enciclopedia Gallega* co asturiano Silverio Cañada. E ata podería estar moito máis tempo contándolles a imborrable pegada que deixou en moita xente este inesquencible Juan de Mairena ou, mellor dito aínda, este entrañable Pedro Petouto que temos a sorte de contar

con il nas nosas vidas.

Se cadra é, por estas e por moitas máis razóns, que das clases de Xesús Alonso Montero en Lugo saíu unha ricaz variedade de profesionais diversos, ensinantes, enxeñeiros, artistas, políticos, xornalistas, escritores e cidadáns do noso tempo que protagonizaron, e aínda están a protagonizar, os sucesos máis vivos de Galicia e de fóra dela. Non quero facer a nómina para non caer en esquecementos involuntarios que poidan ocasionar inxustiza. Abóndame con deixar constancia. Xesús, cervantista de pro, pero tamén “baltasargraciano”, sabe mellor ca min que o que é bo, se é breve, é dobremente bo.

En mor da brevidade e da fidelidade a Baltasar Gracián, só vou lembrar algún trazos que continuaron a traxectoria de Xesús Alonso Montero cando se foi de Lugo. Antes foi profesor de Instituto en Palencia, onde máis dunha vez visitou o cárcere desta cidade castelá para saúdar a presos políticos coma Carlos Núñez, por exemplo. Despois de Lugo, foi catedrático de Instituto en Vigo e, a continuación, exerceu a cátedra de Literatura Galega na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago. Trala súa xubilación, foi nomeado catedrático emérito da mesma Facultade. A proposta de Ramón Piñeiro, ingresou na Real Academia Galega o 30 de outubro de 1993 cun discurso titulado “*Manifestos en verso a favor da poesía civil nos primeiros tempos da postguerra na Galicia da Terra e na Galicia Emigrante (1939-1962)*”. O 20 de abril de 2013 foi elixido presidente da Real Academia Galega, cargo que exerceu ata o 29 de abril de 2017.

Xesús Alonso Montero é autor de máis de vinte libros sobre temas que máis dunha vez ocasionaron encendidas polémicas. O seu *Informe dramático sobre a lingua galega* foi, no seu tempo, un auténtico revulsivo cultural e político, e aínda hoxe, 51 anos despois de ser publicado por primeira vez, segue a ser un libro de referencia. Igual que tamén o son os que lles dedicou a Ramón Piñeiro e a Xosé Filgueira Valverde ou os imprescindibles *Intelectuais marxistas e militantes comunistas en Galicia (1926-2006)* e *Escritores: desterrados, namorados, desacougantes,*

desacougados.

Os artigos que Don Xesús publica periodicamente no xornal *La Voz de Galicia* son un faro que proxecta a súa luz sobre diversos temas da cultura galega, pero tamén sobre outros acontecementos, feitos e persoas que pertencen a outros ámbitos.

E, sen máis, vou rematar dicíndolles que é motísimo o que lle temos que agradecer, admirar e respectar a don Xesús Alonso Montero, figura e, sobre todo, cidadán imprescindible da Galicia que nos toca que vivir. Sen il, a literatura, a sociolingüística, a filoloxía e ata a historia da nosa terra, seguramente serían outra cousa.

Brindemos por Don Xesús con palabras que lle son moi caras ao

seu case *alter ego* Pedro Petouto: “*A cultura é unha cousa que abre os ollos, e, se non os abre, non é cultura*”. Hoxe, aquí, hai moitos ollos abertos.

Por ternos aberto os ollos, a cabeza e tamén o corazón, moitas grazas, Mestre. E parabéns por ternos acordado, no senso de espertar, clarivamente de todas e de cada unha das longas noites de pedra que tivemos que pasar.

Que o deus Breogán e Santa Rosa Luxemburgo, con Prisciliano exercendo de bispo, o bendigan e o teñan para sempre na República das nosas mellores Letras. Amén.

Perfecto Conde

HAI CINCUENTA ANOS...

O profesor transita pola tarima mentres traza co xiz un esquema coas ideas fundamentais para desenvolver a súa explicación valéndose dunha eficaz oratoria, secundada por uns acólitos ollos e unhas expresivas mans que irán modelando os conceptos con extremado esmero, coidadoso alfareiro de vocábulos que zumegan un amor inmenso pola terra, pola lingua e a cultura do país. Palabras precisas e esclarecedoras, cargadas de respecto para todos e todas, desde as máis altas dignidades ata as persoas máis humildes e sinxelas. No credo de D. Xesús eran merecentes de igual respecto e consideración, por poñer un exemplo, o xefe de estudos, o entrañable Cesáreo Fouz, que a prezada señora Lola (a limpadora) ou o inefable conserxe Marinas, todos eles lembrados seguramente con afecto pola maioría dos que pasamos polas aulas do Instituto *Masculino* de Lugo nos anos 60 e 70 do pasado século.

Durante o curso 1972-73 un grupo de alumnos de 4º de bacharelato tivemos a fortuna de que D. Xesús coordinase un orixinal traballo promovido por el mesmo e que sería publicado pola desaparecida editorial Celta: *Declaración dos dereitos do neno e outras cousas nosas*. Como describir aquí a ilusión que nos fixo ver o noso nome impreso como coautores dunha publicación cando apenas contabamos 14 anos de idade...

Eu tiven a fortuna de ser alumno de D. Xesús ao longo dous cursos e, abofé, debo recoñecer o moito que o seu maxisterio influíu na miña decisión de cursar a carreira de Filoloxía e converterme en profesor de *Lingua e Literatura Galegas*, agraciado ademais coa fortuna de poder desenvolver a maior parte da miña vida profesional na que sería para min como unha segunda casa: nada máis nin nada menos que o decano dos institutos de Galicia e un dos máis antigos do Estado.

E remato estas liñas, non sen antes dar as grazas ao Instituto por formarme, e a D. Xesús por espertar en min o amor pola terra, pola lingua e a cultura do meu país. Grazas, profesor.

Manuel Celso Matalobos

BREVE PERFIL DUN PROFESOR SINGULAR

Nos anos finais da década dos cincuenta do século pasado separábanse deste Instituto, por entón chamado Masculino, varios profesores que sinalaran unha brillante etapa docente, como Francisco Bernis, Lázaro Montero, Antonio Fraguas, Alfredo Rodríguez Labajo ou Luciano Fernández Penedo. Porén, na década seguinte a actividade do centro non quedou paralizada grazas á incorporación doutros significados mestres como Jesús Díaz, Lorenzo Garralda, Juan Vaqué, Fernando González Manzano, Aquilino Pérez de Madrid, María de Andrés Martín, Rosario Torviso Monge, Cesáreo Fouz Prieto ou Amable Veiga Arias e, sobre todo, da do noso homenaxeado Xesús Alonso Montero. Eses profesores compartiron claustro durante algúns anos con docentes do período anterior como Froilán López, Glicerio Albarrán ou Delio Mendaña, mais coa chegada dos anos sesenta pódese falar dun cambio de etapa e de xeración no Instituto, cambio que tamén se producía en España co inicio do chamado *desarrollismo* que, entre outras cousas, favorecería a incorporación ao ensino medio de numerosos estudantes procedentes de grupos sociais que antes non podían acceder a este nivel educativo.

Foi unha década na que o Instituto estivo moi conectado coa cidade de Lugo, e esa proximidade aos ámbitos cidadáns queda demostrada polo feito de que en 1962 accedía a alcaldía un dos docentes do Instituto, Jesús García Siso, que se mantería nese posto ata 1965 cando foi substituído por outro profesor do centro, Antonio Quintana Peña, e logo a partir de 1966 por un antigo alumno, Fernando Pedrosa Roldán. Ademais, o Instituto foi promotor e escenario por estes anos dunha actividade cultural moi comentada no seu momento xa que a través dela pretendíase relacionar á cidade coa Universidade compostelá: Os Cursos Universitarios de Primavera.

Pero centrémonos no noso homenaxeado. Da súa actividade como docente hoxe imos escoitar moitas voces laudatorias ben merecidas e dende logo unha delas é a miña, pois tiven a fortuna de contar durante un ano con el como profesor, e mesmo moito despois como ilustre presentador da historia do Instituto que escribín hai xa unha década.

Mais, se mo permiten, gustárame saír un intre do estrito ámbito académico para recordar que Alonso Montero superou con moito ese marco para identificarse coa vida social e cultural da cidade de Lugo, onde se integrou dun xeito incuestionable. El mesmo ten comentada a actividade desenvolvida nun deses ámbitos sociais, a tertulia do café Méndez Núñez, e eu non podo menos que recordar, porque a coñezo un pouco mellor, o gran labor que desenvolveu noutro escenario, o do Circulo das Artes, o centro social da cidade por antonomasia. Aquí, don Xesús protagonizou, xunto co profesor Epifanio Ramos, todo un acontecemento bibliolóxico en decembro de 1963, a Exposición de *Cen anos de literatura Galega*. Os dous activos docentes volverían a cooperar no Día das Letras Galegas de 1965 #–dedicado a Eduardo Pondal– coa presentación dun traballo común titulado *Galicia y Francia (traducciones)* e ao ano seguinte no volume colectivo *Antonio Machado na nosa voz*, en ambos casos editados polo Servizo de Publicacións do Círculo.

Xa de xeito individual, Xesús Alonso Montero, tería na paradigmática sociedade lucense –presidida entre 1957 e 1972 por Ramón Varela Méndez– moitas e sucesivas intervencións como, xa no ano 1962, na conferencia titulada *Drama en el nacimiento de la Literatura gallega*. En marzo de 1966 desenvolvería un Curso de Lingüística Comparada (Galego-Castelán) e ao ano seguinte era o representante do Círculo no xurado do Premio Nacional de Literatura Rosalía de Castro. En 1968, participaría no volume colectivo publicado co título de *O porvir da lingua galega*, e en 1971 sería un dos membros do xurado do certame convocado para conmemorar o cincuentenario da morte de Emilia Pardo Bazán. Así

mesmo, en 1975 participaba na conmemoración do 25 aniversario da morte de Castelao, evento que animou ao Colexio de Doutores e Licenciados para solicitar a súa intervención nunha conferencia que levaría o título de *Castelao en el año 1917*. Coa mesma organización e relator impartiría en maio de 1976 outra charla sobre Antonio Machado titulada *O home, o intelectual e o seu compromiso*, e no mes de xuño volvería disertar, nesta ocasión, sobre *O conflicto lingüístico en Galicia: perspectivas*.

Ausente de Lugo desde 1976, o profesor Alonso Montero era por entón un referente intelectual en Galicia e a Lugo e ao Círculo regresaría en varias ocasións para impartir outras charlas, como a que deu sobre *A muller galega na Literatura e na Cultura en xaneiro de 1978*, ou a que ofreceu en xaneiro de 1982 en homenaxe á desaparecida Librería Alonso xunto cun recital do poeta Uxío Novoneira, ou a titulada *Manuel Leiras Pulpeiro, o poeta que amou a verdade e practicou o ben* que puído escoitarse en maio de 1983 con motivo do Día das Letras Galegas.

Toda esta actividade non impediu ao noso homenaxeado manter a propia dun activísimo catedrático de Lingua e Literatura do Instituto. E así, organizaría en 1961 unha exposición cervantina con motivo da Festa do Libro. Ao ano seguinte propuña a compra do Dicionario Galego-Castelán que publicou a editorial Galaxia, e meses despois o centro adquiriría pola súa iniciativa a *Historia da Literatura Galega de Carballo Calero*, propostas que deixan ben clara a promoción e defensa da lingua de Galicia que pretendeu sempre.

Noutros eidos, no curso 1962-63 solicitaba, sen apoio oficial, que a materia de *Formación del Espíritu Nacional* non condicionase o desenvolvemento curricular dos alumnos, postura antisistema que non era fácil manter naqueles momentos. No curso 1963-64 era nomeado delegado de Estudos Nocturnos. En maio de 1966 o Claustro felicitábo por obter o grao de doutor na Universidade de Salamanca cunha tese presentada en abril de 1966 sobre Curros Enríquez. Ao longo de 1966-67 dirixía outro curso de Lingua Galega e a principios de 1970 recibía novamente a felicitación dos seus compañeiros pola súa enorme actividade como publicista. Tamén actuou como sagaz investigador ao descubrir na biblioteca do Instituto un libro coas actas da *Sociedad Económica de Amigos del País de Lugo de 1841*. Cando, no inicio dos anos setenta, producíanse algunhas novidades como a da implantación do COU e a eliminación da actividade académica os sábados pola mañá, Alonso Montero sería nomeado xefe de estudos, pero, máis interesado por outras responsabilidades, renuncia aos poucos días a ese cargo. Porén, si que colabora en decembro de 1971 nunha Exposición Didáctica de Lingüística Hispánica e impulsa en 1973 traballos de alumnos sobre a *Declaración dos dereitos dos nenos e outras cousas nosas*.

O seus últimos anos no Instituto non foron tan felices, posto que na derradeira reunión de Claustro do curso 1974-75 dábase conta do expediente que se lle abría por feitos ocorridos en febreiro anterior, e a primeira sesión do curso seguinte coincidía coa noticia da súa sanción e traslado a Montilla, aínda que sería repostado en febreiro de 1976.

Logo, o profesor Alonso Montero marcharía do Instituto Masculino pero o levaría sempre no corazón, como amosaría en repetidas ocasións e unha vez máis na presente. Por iso, agora toca felicitarnos por poder saudalo unha vez máis e recordar que a súa presenza marcou unha etapa memorable na historia do centro e da cidade de Lugo.

Polo tanto, moitas grazas profesor, e benvido unha vez máis.

Antonio Prado Gómez

MESTRE ALONSO MONTERO

¿Qué din os rumorosos
neste Lugo das morriñas,
ás veces tan próspero,
ás veces tan decadente?
Din e pregoan ao mundo
que Alonso Montero vive.
E, se vive Alonso Montero,
vive o mellor que cantamos
no noso himno nacional:
o mellor bo e xeneroso
de tódolos bos e xenerosos
que soubo dar esta terra;
o xigante que a nosa voz difunde;
o gran defensor da lingoa
que aprendín dos meus ancestros;
o profesor que, de neno,
fíxome saber que houbo un Machado
e houbo un León Felipe
que tiveron que morrer no exilio;
e que houbo tamén un Federico
asasinado por unha das Españas;
e que había unha literatura
que non estaba na ortodoxia franquista.
Mestre libre, don Xesús Alonso,
símbolo de liberdade ou, mellor dito,
de loita pola liberdade.
E lembro, cáseque sesenta anos despóis,
(quince tería eu daquela),
que me enseñóu o que era e beleza,
e a beleza era algo que eu nunca vira:
a beleza era unha muller desnuda,
nunca o poderéi esquecer.
Outra vez o Alonso Montero libre,

outra vez desafiante, no fío da legalidade,
no fío da moral, da discutible moral imperante,
na fronteira das represalias que sufríu,
no balcón da democracia que,
comunista de idea,
tanto axudoú a construír.
E hoxe, ¡qué alegría, profesor, velo lúcido e brillante
a os seus 95 novísimos anos!
Parabéns, profesor Alonso.
Parabéns, alumnos, por ter un mestre coma él.
Noraboa, Galicia, por dar xente coma él;
xente que nos fai soñar
coa “redención da boa razón de Breogán”.
Como poeta, divino, no sentido que os clásicos
lle daban a esa palabra.
Como persoa, algo que está muy ben dito na nosa lingoa:
boa xente; boa xente sin mais.
E ademáis, comunicador, e provocador de debate.
E ademais, e porriba de todo,
¡símbolo de honestidade!
Eu agardo volver a Lugo,
a un homenaxe coma este,
dentro de cinco anos,
cando él cumpla cen e se faga centenario.
E pídolle a Deus, por si existe,
que Xesús Alonso dure mil anos.
Porque, mentras Xesús Alonso exista,
habrá literatura e habrá lingoa galega.
Non me quero quedar curto:
mentras haxa Alonso Montero,
e xente coma Alonso Montero,
habrá Galicia; existirá a Patria Galega.
Amén.

Fernando Ónega

PALABRAS A ALONSO MONTERO

Volver a este Instituto de Lugo, de tantas vivencias e recordos, no que entrei acabado de poñer o pantalón largo e saín feito un mociño, é como guindarse a un baleiro vertixinoso de cincuenta anos. Superados os cursos (...) saímos para non volver, con toda a vida e os soños por diante, deixando atrás aulas, exames, profesores, compañeiros... E non obstante recoñezo, aínda agora, despois de tantos anos, entre estas paredes, un ambiente integrador, familiar, confortábel; un espazo de acollida no que sempre me sentín respectado.

Reválida de cuarto, quinto, sexto, reválida de sexto e COU foi o periplo que me vencella a este centro. Volver despois de tantos anos, é volver aos quince, dezaseis, dezasete (Volver a los diecisiete, como na canción de Violeta Parra) e facémolo. Volvemos hoxe con ocasión, que moito me complace e agradezo aos organizadores, de renderlle homenaxe de afecto, admiración e gratitude ao profesor Alonso Montero.

Sen menosprezo do resto do claustro de profesores e profesoras, naquel deserto de baleiro e tedio, as aulas de don Xesús eran un oasis, un lugar de refuxio, diálogo e conciliación. Xeneroso nos xuízos e positivo nos enfoques, don Xesús eludía teimas e aludía temas, abría portas e anunciaba portos.

Foi el o primeiro en advertir do risco de desaparición do idioma galego, naquel “Informe-dramático”, que tanta alarma suscitou. Foi el quen nos descubriu as figuras senlleiras de Rosalía de Castro, Curros Henríquez, Castelao, Antonio Machado... figuras todas elas nas que os valores estéticos van parellos aos éticos, significándose no compromiso cívico e a solidariedade cos humildes, cos que “padecen a historia” que outros lles imponen: (velaí o intolerable xenocidio do pobo palestino a mans do sionismo de Matonyahu). Foi don Xesús o que nos trouxo ás aulas escritores que visitaban Lugo (Neira Vilas, Ricard Salvat, Celso Emilio Ferreiro), o que nos poñía discos de Raimon, de Voces Ceibes, da chamada “canción protesta” e daqueles poemas de Nicolás Guillén que abrían a muralla ao corazón do amigo e lla pechaban á serpe e .

Foi don Xesús o que propiciou o descubrimento de novas voces, hoxe autores prestixiosos das nosas letras; e foi tamén el, se cadra sen sabelo, quen modelou en min a persoa que hoxe son: cando comprendín que nunha situación diglósica, de asimetría e subordinación, escribir na lingua dominante contribuía a manter sometida e marxinada a dominada, obviamente a galega. Desde entón, cono maior ou menor fortuna, a única lingua que utilicei ao longo destes xa moitos anos, foi a do pobo, a lingua dos que en verso lapidario de Celso Emilio “sofren longo unha historia contada noutra lingua”.

No meu caso, o maxisterio de don Xesús Alonso Montero (a salvo, loxicamente, das concepcións de cada un). Mais, o maxisterio de Alonso Montero non se limitou a esa etapa de formación. Continuou e continúa, como referente intelectual e como exemplo a seguir de coherencia, positividade e entusiasmo.

Esa perseveranza no vivir, esa teima de agarrarse á única vida que temos, malia todas as dores, perdas e fracasos, é algo que trato de pór en práctica cada día.

Grazas, Mestre!

Xulio López Valcárcel

As miñas primeiras vivencias para con Jesús, daquela aínda non era Xesús, datan do bienio 1963-1965; eu era un rapaz de quince anos que, xunto con outra ducia e media de compañeiros, estabamos matriculados en 6º C, curso mixto de ciencias e letras. El era un profesor de trinta e cinco anos que chegaba do instituto Jorge Manrique, de Palencia, para explicar Lengua e Literatura Española na nosa cidade, na que según as súas palabras “pasou os dezanove anos mais felices da súa vida. Aquí deixou amigos incontables, dos que aventurarei tres nomes que de seguro garda no seu corazón: foron eles Saturno Lois, Epifanio Ramos e Amable Veiga.

Eu marchei a Santiago, e logo de rematar as licenciaturas de Filoloxía Francesa e Filoloxía Románica voltei a esta miña casa onde fomos compañeiros ata a súa marcha, primeiro a Vigo e logo a Santiago. Desta época é a miña divisa cando falo del: “ mestre un día despois compañeiro, amigo sempre. A miña primeira aproximación, digamos máis persoal, foi en maio dese 1963, cando un grupo de alumnos a axudarnos, no que foi mester, a organizar unha homenaxe a Rosalía de Castro que el levou ó Círculo de las Artes para conmemorar a publicación de Cantares Gallegos.

Anecdoticamente direi que cando explicaba a Fray Luis de León, Jorge Manrique, Machado, Rosalía ou Miguel Hernández non se oía o ruído dunha mosca.

A colleita daquel curso foi moi boa; supoño que na súa memoria, que afirmo excelente, conserva os nomes de Alfonso Goday Portals, notario na Coruña, Jesús Pena Seijas e José Luis Rodríguez Fernández, catedráticos de Filoloxía na USC, Alfonso Alfonso Bozzo, director do aeroporto do Prat e profesor de Dereito Administrativo na Universidade Autónoma de Barcelona, enfin Fenando Ónega, ben coñecido xornalista que falou hai un intre.

Se for posible, collería o lema da RAE para regalárllo a Xesús, porque el “limpia, fija y da esplendor” ás linguas, sexan galega ou castelá, facendo delas un elemento comunicativo dúctil e maleable. Outramente dito, posúe o don da palabra.

Aproveito esta tribuna para agradecerche, publicamente, a honra do tres prólogos que escribiches para tres miñas publicacións sobre a vida e a obra doutro Xesús, neste caso do médico e escritor lucense Xesús Rodríguez López.

Para rematar, no meu nome, ex toto corde, en nome dos aquí presentes, e tamén dos ausentes, tomo unha vella frase dos clásicos, para dicirche: “*Xesús, eris semper nobiscum*”. Xesús, sempre estarás connosco.

Manuel Calvo López

En primeiro lugar quería expresar as grazas á organización desta homenaxe a Don Xesús por me convidar a dicir unhas palabras de agradecemento a este profesor e mestre que deixou unha forte pegada en moitos de nós.

Eu non son unha persoa relevante no eido da literatura e a cultura de Galiza, ninguén pensaría en min como un discípulo destacado de Don Xesús, nin el mesmo de seguro. O meu mundo é o da estratexia e xestión das empresas, das tecnoloxías da información e a economía sectorial do noso país, como profesor e investigador dende a Universidade de Vigo.

Pero penso eu, que estamos aquí non só homenaxeando a un especialista en literatura, gramática e sociolingüística, a un profesor que transmite uns coñecementos concretos, por útiles e necesarios que nos foran. Eu veño aquí a homenaxear a persoa que transcende esa “profesión” e que soubo transmitirnos un xeito de entender a vida, a implicación co traballo ben feito, e en especial o compromiso ca nosa terra. Un homenaxe a un mestre para a vida!

Tense dito que a xente que permanece no recordo é aquela sobre a cal esbozas un sorriso ou tes unha sensación agradábel cando se che vén á mente. Esa é a boa xente! Don Xesús para min forma parte desa boa xente, deses recordos que provocan eses sorrisos.

Un sorriso cando lembramos a frase “un can cun quinqué no cu” como exemplo de cacofonía, ou cando nos encargou buscar no entroido a equivalencia en castelán da expresión “por riba de mel filloas” (que a tiña pero con significado contrario “miel sobre hojuelas”), ou cando se dirixía a un compañeiro como da “Rue de Petit” por Ribeira de Piquín, ou a min como Pedro Higuera del Riego, castelanizando os meus apelidos para mostrar o ridículo que soaban os cambios de nome de moitos lugares de Galicia como foi o de “El niño de La Guía” (Niñodagua). Vénme á mente

tamén, un disco de Santalices que me solicitaba que o levara a clases para ilustrarnos sobre os cantares de cego, e as constantes chamadas de atención cando ó final da mañá me distraía vendo pasar os seus fillos que viñan, creo, da chamada “Aneja” en Maxisterio. Son algúns recordos sen máis, pero moi valiosos para min.

O que é certo, polo menos no meu caso, é que o seu maxisterio seguro que tivo que ver coa miña afección á lectura, a literatura e poesía en galego, as cantigas de escarnio e maldicir, do interese polos trobadores, do meu primeiro traballo na librería Abraxas de Santiago mentres estudaba a carreira, da miña vocación como profesor e investigador, do uso frecuente do galego na fala e na produción científica, a miña afección á música tradicional e tamén da miña actitude ante a vida e as miñas opcións políticas. En todas elas teño moi claro a pegada de don Xesús.

Non é pouco para unha persoa que a través do seu oficio de mestre poida co seu maxisterio influír na vida futura do alumnado, como é o meu caso, de moitos dos meus irmáns, tamén alumnos del, e de moitos outros compañeiros de bacharelato.

Grazas, moitas grazas Don Xesús. Hoxe é un bo día! Parabéns e que o disfrute coma nós! Por certo, saúde a Pedro Petouto que de seguro segue a conversar con el.

Pedro Figueroa Dorrego

DON JESÚS, UN HOME IMPRESCINDIBLE

O 12 de outubro de 1960, como tódolos anos, acababa o San Froilán, e o 13 empezaban as clases no Instituto, e alí estábamos todos un pouquiño antes das 9. Era un ano igual a outro, coa diferenza de que, como o anterior fora o 5º, a este tocáballe se-lo 6º. Ó lermos a lista de profesores vimos que había algún descoñecido, e casualmente a primeira clase tocáballe a un destes recén chegados. Mal se esvaecera o son da campá que co ímpeto que a cousa requiría, tocaba algún dos bedeis, o Mariñas ou o Quiñoá, entrou na aula o que a partir daquel momento había de ser para nós **don Jesús**.

Naquel tempo, cando un profesor daba a súa primeira clase, ou limitábase, caso máis frecuente, a dici-lo seu nome e pouco máis, ou facía unha exposición firme e enfática dos castigos a que nos expúñamos caso de incorrer en falta de disciplina, por leve que fose. Outra oratoria era ata entón descoñecida, pero logo vimos que aquel home que entrou na aula saía dos moldes.

O discurso de don Jesús foi relativamente extenso. A música soaba moi ben, logo nos decatamos de que tiñamos diante un home que, lonxe de marcar distancias, **buscaba a proximidade con nós**. A letra xa era un pouco máis difícil de entender. Mais ou menos dixo que era o novo profesor de Literatura, pero que a literatura que el nos ia ensinar non era como a outra, aínda que en realidade non era que houberse dúas literaturas, en fin, que xa iríamos entendendo. E se non entendimos aquel mesmo día, entendimos dalí a pouco que o importante era chegar ó miolo, e non ficar na casca.

Moitos anos despois, lendo unha entrevista que lle fixo Perfecto Conde, soupen que a noite anterior tiña estado ata as tantas lendo *“Qué é a literatura”* de Sartre.

E con el realmente descubrimos que a literatura era outra cousa. Aínda me lembro da explicación de por qué as *Coplas de Jorge Manrique*, sendo un poema reaccionario, é un gran poema. Aprendemos a ler o *Quixote*, libro que a min xa non me abandonaría, fixemos unha lectura do *“Retablo de las Maravillas”* e unha Exposición Cervantina, e para poñer fin a esta relación, que podía ser ben máis longa, lembrarei o entusiasmo contaxioso con que nos deu a coñecer a poesía de Antonio Machado.

Ó chegarmos ó século XIX, no libro estaba o poema *O cravo de Rosalía*, e outro poema catalán, concesión franquista ás linguas minoritarias, e tivemos o privilexio de coñecer a Rosalía de mao do seu mellor intérprete.

E como falar de Rosalía sen Curros? Pois de furtado entrou Curros no noso programa de Literatura española.

Tamén de furtado entrou Castelao na nosa clase, pois cando faltaba un profesor e don Jesús estaba de garda, aproveitava para lernos trechos de *Cousas* e de *Retrincos*. Aínda me lembro da lectura do delicioso conto *O Retrato*, extraordinariamente matizada na súa voz. Non tiña pelos na lingua, e así, a propósito de Lorca, falounos da homosexualidade en termos que non coñecíamos. Os vellos muros da muralla rosmaron: non era sen tempo.

Na mesma entrevista de Perfecto Conde xa citada, Xesús di que Lugo é a súa cidade, **sobre todo por nós, polos seus alumnos.**

O que podo decir eu é que el nos fixo ser mellores a todos aqueles que o conocemos, principalmente os que tivemos a honra de se-los seus alumnos, e Lugo foi unha cidade mellor gracias ós anos alí vividos por el, porque Xesús é deses homes que fan que o mundo sexa mellor. Decía Bertolt Brecht que “Hai homes que loitan un día e son bons. Hai outros que loitan un ano e son mellores. Hai quen loitan moitos anos, e son moi bons. Pero hainos que loitan a vida toda: eses son os imprescindibles”.

Xesús Alonso Montero, sabémolo todos, leva unha vida enteira de loita, e que pertence a esa clase de homes imprescindibles sabíamolo os seus alumnos xa naqueles anos.

Arturo Reguera

Don Xesús Alonso Montero, a quen eu xa hai algún tempo que me permito atuar coa confianza que dan os moitos anos de relación pero con idénticos respecto, consideración, afecto e admiración que lle tiña aquel mestre da escola unitaria de Bretoña que un día de hai xa cincuenta e cinco ou cincuenta e seis anos lle fixera chegar, coa axuda cómplice de Eduardo Sampayo, algúns cativos escritos ós que chamaba muxicas e que viñera facendo desde había algún tempo, sen máis pretensións literarias que as de encher para uso propio as follas dun vello caderno escolar. El leu o que Sampayo lle levara, chamoume, falamos, púxome en contacto con Epifanio Ramos e así foi que, editado polo Círculo de las Artes, imprimiuse “Muxicas no espello” nos talleres da imprenta Celta con prólogo, claro, de Xesús Alonso Montero e ilustracións de Xan Balboa.

Foi, xa que logo, Xesús o meu padriño literario e pídolles por favor que imaxinen por un momento o estado de ánimo de alguén coma min naquel tempo ó se saber apoiado por quen daquela era -e non me engano demasiado se digo que en certa medida aínda o sigue a ser- referente intelectual, cultural, político e mesmo social deste noso Lugo ó que eu acababa de volver despois de algúns anos de traballar fóra. Despois de aquilo a nosa relación, como é lóxico, foi callando para o meu ben e, aínda que en non fun quen de cumprir as súas indicacións referidas ó maxisterio de Juan de Mairena, nin as de Pedro Petouto, si que acudín máis dunha vez falar con alumnos das súas clases, fomentar a enriquecedora experiencia de “Axóuxere Semanario do nenos galego” nas páxinas de La Región, colaborar en publicacións que el promovía e mesmo, xa no plano político, formar parte daquela animosa primeira Junta Democrática. Conversas, alentos, leccións naquel piso da rúa Gil Yuste, no Cantobar ou onde cadrase en cada momento que non sei se souben aproveitar no que valían. Cando Alonso marchou espazáronse, claro, os encontros, mais sempre soubemos un do outro, en especial eu para pedir consello e aprender.

Hoxe Lugo, as súas xentes, queremos agradecerche algo do moito que aquí se che debe motivados por un grupo de animosas persoas a quen debo xa perenne obriga por me dar ocasión de participar neste acto e neste lugar onde un día de outubro de 1950 cheguei, con dez anos, para a miña estrea como estudante de bacharelato ó mesmo tempo que se celebraba tamén a do edificio.

Grazas mestre polo moito que nos deches e tamén polo moito que aínda nos has dar.

Paco Martín

O curso 1967-68 foi un auténtico maio francés na miña vida. A enfermidade de meu pai, que acaba sendo mortal; a descuberta da noite e os seus misterios agochados, o tempo cada vez máis ocupado en namoriscar ás rapazas, deron como resultado o esperable, unhas notas insuficientes para acadar o acceso á Universidade. E aínda menos mal, porque deixei atrás dous dos tres grupos nos que estaba dividida a proba do Preuniversitario Santiago, como lembrarán a maioría dos aquí presentes.

Contra todo prognóstico ou, se cadra, como confirmación da necesidade, o grupo suspenso foi o de Literatura, no que eu pensaba que estaba mellor preparado polas miñas lecturas. Eu era alumno marista e o colexio desentendíase daqueles que coma min, quedaban coxos dun grupo. Ou repetías o curso enteiro ou non había excepcións.

Entón xorde a posibilidade de asistir como oínte aquí, no Instituto, e grazas a xenerosidade de profesores como Xesús Alonso Montero ou Charo Torviso fun admitido nese réxime extraordinario ata o mes de febreiro, data dos novos exames.

Lembro a advertencia que recibo sobre don Xesús. “Só vas aprender de Rosalía e de Antonio Machado”, que era como dicir: o resto valo ter que aprender ti pola túa conta. Mala advertencia, porque en poucas clases comprendín que o de menos, sendo importantes, era Rosalía ou Machado, xa que o interese do profesor Alonso Montero era ensinarnos a vida e a súa relación coa literatura, de tal xeito que as leccións de don Xesús referíanse a todos os autores, sempre e cando o alumno soubese poñer da súa parte.

E así foron eses cinco meses tan decisivos na miña vida. Perdín a meu pai, coñecín a miña muller, conseguín o pasaporte universitario e aprendín a ler a literatura con outros ollos, o que sería fundamental para os inmediatos estudos de xornalismo que me agardaban. O papel de Xesús Alonso Montero nos dous últimos apartados foi fundamental, como é doado deducir.

Daquela experiencia quedou unha débeda pendente. Os exames de Santiago son en febreiro e meu pai morre en marzo. Por unha razón ou outra, non fun quen de achegarme ao Instituto para agradecerlles aos profesores o que viñan de facer por min. Uns anos máis adiante, cando preparaba con Jimmy Jiménez Arnau un libro de confesións políticas, logo de tantos anos sen poder facelo, tiven ocasión de remediar a eiva. O volume, primeiro que se editaría logo de morrer Franco íase titular Ideologías para un Rey, e pensei que Xesús Alonso Montero era unha desas persoas que debería estar no libro.

Un día que o profesor foi a Madrid, chameino por teléfono. Así quedaron as grazas dadas e a amizade sellada. “Ven verme esta tarde ao restaurante ... e lévaste a miña resposta á enquisa para o libro”. E así o fixen.

Non contaba eu que esa mesma tarde daríase a coñecer a sentenza absolutoria daquel xuízo contra sindicalistas galegos que se chamou o 23 de Ferrol nin que nese restaurante ían celebrar todos eles o resultado xudicial. Daquela alí me encontro, entre Alonso e Celso Emilio Ferreiro, con Rafael Báez e Pillado, cantando aires da terra coa boa maña que Celso Emilio se daba para facer música con dous vasos, un prato e dúas culleriñas.

Logo viñeron todos estes anos.

Como alumno de Xesús Alonso Montero só foron cinco meses de intensa aprendizaxe, pero como amigo levo cinco longas décadas de doutoramento.

José de Cora

ALONSO MONTERO, UN PROFESOR INNOVADOR

Fun alumno do profesor Xesús Alonso Montero aló polo anos setenta, naquel COU aínda experimental no que eran de obriga fixa cinco asignaturas, e outras tres que figuraban como optativas. Lóxicamente unha pola que optei foi Literatura, que impartía o profesor hoxe aquí homenaxeado, asignatura na que coincidimos varios rapaces, daqueles incipientes escritores como Claudio Rodríguez Fer, Xulio Valcárcel, Paco Campos e Xabier Rodríguez Barrio, que iniciábamnos daquela os nosos traballos de creación nas páxinas de Táboa Redonda, que dirixía don Ánxel Fole en El Progreso.

Do profesor Alonso Montero quero salientar aquí o seu maxisterio como innovador, naqueles anos, no xeito de impartir as súas clases que non só se limitaban á lectura de libros e explicación dos movementos literarios, senón á súa parte práctica.

Refírome con elo a algo que non era habitual naqueles anos: que nas clases de literatura nos acompañara de cando en vez algún escritor. Tal foi o caso de Paco Martín, que nos explicou o seu traballo literario ao tempo que nos leía algunha das súas narracións, ou de Uxío Novoneira, inesquencible coa súa voz recitándonos os seus poemas.

Non quedaba aí a cousa senón que Alonso Montero chegounos algunha tarde cun tocadiscos, daqueles dos de antes, para que escoitásemos, por exemplo, a Paco Ibáñez musicalizando e cantando a poetas como Machado ou Blas de Otero, en tanto que ao rematar as pezas o profesor Alonso Montero nos explicaba como o músico partexaba os versos como lle cadraba para adaptalos á súa musicalización, algo que non debería facerse por respecto, tanto á textura dos versos como do poemas.

Penso que con todo isto, co seu maxisterio, Alonso Montero fíxonos amar, aínda máis a literatura. Por todo elo, grazas, Xesús.

Antón Grande

OS PRIMEIROS 95 ANOS DE XESÚS ALONSO MONTERO

Xesús Alonso Montero cumpre 95 anos de dedicación á cultura, á docencia, a Galicia e á causa democrática e marxista en xeral, pero, pola súa influencia como intelectual, como profesor, como galego e como cidadán en xeral cumpre moitos máis a través do seu decisivo labor na sociedade iluminando, formando, galeguizando e abrindo os ollos co seu compromiso exemplar ás centos ou miles de persoas máis que, grazas a el, cumprimos 95 anos de beneficios culturais, educativos, galeguizadores, políticos e sociais.

Eu podo testemuñalo dende a infancia, pois coñecémonos en pantalón curto, xa que tanto el coma min o levabamos o día en que a miña tía Graciela, colega súa no Instituto Masculino de Lugo, me levou a presenciar, sendo eu un neno de oito anos, un partido de fútbol entre profesorado e alumnado, no que xogaba moi voluntariosamente o xa daquela destacado profesor.

A miña primeira relación con el foi, pois, afectiva, por ser un próximo e agarimoso amigo da familia, na que a miña avoa lle chamaba sempre don Xesusiño. Ademais, cando eu non lera en galego máis que a Rosalía de Castro, el regaloume os contos de *Retrincos* de Castelao e *Memorias dun neno labrego* de Xosé Neira Vilas, iniciándome así na literatura galega do século XX.

Mais axiña fun consciente de que Xesús Alonso Montero era algo máis que un profesor de referencia e un amigo da familia, xa que á admiración que a miña tía Graciela lle profesaba como docente e como intelectual se sumaba a admiración e a afinidade política que sentía por el o meu pai, antifascista represaliado e de ideoloxía comunista coma el.

Na adolescencia, puiden comprobar directamente a súa brillantez e o seu compromiso como profesor no Instituto Masculino de Lugo, onde me deu clase de Literatura Española en C.O.U., pero tamén de exemplar dignidade en tempos de represión. Lembro concretamente a clase do 10 de marzo de 1972, cando, tras coñecer o asasinato en Ferrol dos obreiros Amador Rey e Daniel Niebla a mans da policía franquista, chegou circunspecto á aula e despois dun grave silencio, preguntou que estaba programado tratar. Dixemos que Valle-Inclán e entón nos explicou a indecencia que suporía desenvolver o programa aparentando normalidade cando na nosa terra se estaba reprimindo a tiros o dereito de folga e de manifestación e cando concidadáns nosos estaban perecendo asasinados. Nunca recibín lección máis leccionadora de que un docente debe ser persoa antes que profesor e de que un intelectual debe ser cidadán antes que escritor, pois, como por entón cantaba Atahualpa Yupanqui, un dos cantautores que daquela escoitabamos a miúdo, "canta junto con el pueblo, / no lo mires desde afuera, / que lo primero es ser hombre / y lo segundo, poeta".

Moito máis foi o que aprendín de quen nesa época pasou a ser para min de don Xesusiño a don Xesús, pero quen logo, xa colegas na docencia e na investigación, pasou a ser, por decisión súa, simplemente Xesús, aínda que o noso común amigo José Ángel Valente, de quen fora compañeiro na Universidade de Madrid, lle chamaba sempre Suso, como outras amizades da mocidade. Valente e a Cátedra Valente de Poesía e Estética que dirixo na Universidade de Santiago de Compostela foron por certo un importante foco de común interese para nós.

Mais Xesús Alonso Montero e mais eu coincidimos en decenas de actos públicos culturais e memorialistas dende case toda Galicia a Puerto Rico ou a Buenos Aires. Ademais, foi membro do tribunal da miña tese de doutoramento sobre a literatura galega durante a guerra civil, un dos temas que máis temos compartido. E, dende que fixen na súa clase de C.O.U. un traballo sobre Antonio Machado, tamén nos uniu intimamente o legado deste poeta ético, comprometido e fondo, como demostra que me honrara pedíndome o prólogo da reedición da súa colectánea *Antonio Machado na nosa voz* e dedicándome parte do seu libro *El nombre y la obra de Antonio Machado dentro de las coordenadas del franquismo*.

Ambos falamos e escribimos dabondo sobre obras do outro e, de feito, Xesús Alonso Montero foi autor dun dos primeiros artigos sobre a

miña poesía, titulado "Claudio Rodríguez Fer, poeta erótico", como tamén sobre un dos meus últimos proxectos, "A cabeleira" multilingüe, poema traducido a decenas de linguas dos cinco continentes da Terra a cuxa presentación da súa edición en setenta idiomas acudiu honrándome hai moi pouco en Vigo.

Eu quixera, pois, darlle as grazas a este filólogo internacionalista nos xa oitenta idiomas aos que foi vertido dito texto galego, incluído o internacional esperanto e o gremial barallete, ambos tan amados por el, por todo canto fixo e por todo canto nos fixo, porque dende sempre e para sempre formou, forma e formará parte de nós. Termino coas grazas máis galegas, admirado mestre, e co Dankon máis internacional en esperanto, fraternal camarada, rematando cunha aperta en barallete, benquerido amigo, "no que arromano a quen caranto".

Claudio Rodríguez Fer

COMO COÑECÍN A D. XESÚS

Eu serei dos poucos que nun fun alumno de D. Xesús, mais polas circuntancias que vou alucir e coma se fora alumno.

Cando tiña arredor de 15 ou 16 anos, tivemos que facer unha “Reválida”, poño entre aspas, porque a miña, nosa xeración, comezou cursando primeiro de bachelarelado, mais o segundo curso era 6º de EGB, porén continuábamos tendo música e latín, á parte das materias correspondentes, Xeografía, matemáticas, lingua castelá, por suposto, a galega non se considraba, etc.

Debeu de ser a raíz dese feito, que arredor do curso 1974-75, a reválida facíana os catedráticos do Instituto Masculino (Lucus Augusti) e falábase de D. Xesús, e ourto profesorado con respecto e “medo, entre os rapaces”, ao meso tempo había certa rivalidade, sa, entre o noso profesorado e o do Instituto.

Non volvín saber del ata que cursando Filoloxía Hispánica (Subsección Galego-Portugués), volvín a ter referencias polas aulas e as diferentes conferencias que impartía en Compostela ou en Lugo, non lembro ben.

Logo, xa no século XXI, non sei dicir o ano, imaxino que mo presentou, o veciño, socio e amigo Paco Pestana, que nos deixou recentemente. Lembranza tamén para el, que seguro hoxe nos acompañaría.

A raíz diso, comezamos a falar e fomos tendo máis amizade, primeiro falando de Dona Enriqueta Otero que era de Miranda, logo polo seu grande amigo, D. Xosé María Fórneas Besteiro, primeiro catedrático de árabe da Península, da parroquia de Arcos (San Paio) que se coñeceran en Madrid alá polo curso 1952, se non lembro mal.

Logo, o día 17 de outubro de 2008 impartiu unha conferencia arredor de Curros Enriquez, celebrábase o centenario deste ese ano, e a raíz deste feito, a Asociación Amigos do Patrimonio de Castroverde, decidiu nomealo Socio de Honra, cargo que aceptou de bo grado, así como no ano 2010 (22-08-2010) encárgase do pregón da Vª Feira de Artesanía, onde desmostrou novamente o seu interese polo mundo rural e, en concreto, por Castroverde.

A partir destes feitos, tivemos ocasión de vernos varias veces e intercambiar opinións e sempre me preguntaba pola Asociación e familia.

Debido a que D. Xesús tivo desde mozo relación e, ou referencia con Castro Verde / Castroverde e que sempre nos amosa un afecto especial polo noso concello, non só por ter sido profesor, de alumnado deste oncello, senón que tamén foi amigo doutras alumnas e alumnos castroverdenses tando no Instituto, (Paco Pestana, R. Polí, Suso Trashorras, ..., coma con outros/as na Facultade de Filoloxía de Santiago de Compostela (Ánxela Gracián) e tamén porque sempre loitou pola posta en valor do traballo filolóxico realizado por outro insigne castroverdés, D. José María Fórneas Besteiro,

-D. Xesús é unha autoridade intelectual, inmensa. É imposible falar del no pouco tempo e espazo do que dispoñemos, é escritor, é sociolingüista, é crítico literario, é articulista, é xornalista, é investigador, é orador, é académico é herdeiro das vellas xeracións, etc., a este imprescindible , hai uns versos de Bertolh Breth que o definen; “Hai homes que loitan un día e son bos./ Hai outros que loitan un ano é son mellores./ Hai quen loita moitos anos e son moi bos,/ Pero hainos que loitan toda a vida, eses son os imprescindibles”

Saúde, Terra, Lingua e Patrimonio

Unha aperta D. Xesús.

Manuel Muñiz

D. XESÚS ALONSO MONTERO, MAGISTER

Seguro que o levantarme a falar, houbo algún dos e das asistentes que dixeron ou cando menos pensaron: es este como vai falar se fixo o bacharelato nos Maristas e non foi alumno de D. Xesús. É certo. Por iso non ven mal que explique porque estou aquí.

Primeiro porque me parece un acto debido a D. Xesús polos anos que pasou por esta cidade, en tempos tan difíciles, sembrando unhas ideas que, co paso do tempo fructificaron: democracia, xustiza, igualdade, dictadura non, galego...

En segundo lugar como lucense non podía faltar porque aínda que sexa só coa miña presenza quérolle dicir: grazas. Grazas tamén porque foi un animador social e un excelente profesional que axudou a despertar non só o amor á lectura, o coñecemento de moitos escritores, senón tamén á situación pola que pasaba o noso país, froito dunha dictadura que naceu tras un golpe de estado contra un goberno lexítimo.

En terceiro lugar porque como Profesor síntome orgulloso de ter compañeiros como vostede D. Xesús. Qué pena que moitos que tamén estivemos neste Instituto non deixáramos a impronta humana, científica e profesional que vostede deixou! Pero polo menos podo dicir con orgullo, é un dos nosos!

E aínda hai algúns, ben os oigo, que están a dicir, pero non fuches alumno de D. Xesús. Pois, non é certo. Cómo? Aquí non estiveche matriculado, aquí non coincidiche con él. Non é posible. Pois ímolo ver.

Nos cursos 62-63 e 63-64 fixen, respectivamente, 6º de bachiller e o que se chamaba daquela Preu. E é verdade, nos Maristas. Pero algúns compañeiros fixemos unha pandilla “mixta”, Instituto-Maristas, fundamentalmente para xogar o fútbol. E así naceu un equipo o que chamabamos “JUVENTUS”. O campo de entreno era as costas do parque. Cánta veces temos iso a buscar o balón á “Volta da Viña”!

Ademais de xogar falabamos. E nun destes parlamentos saíu o nome de D. Xesús que era o Profesor de Literatura dos colegas do Instituto.

E non paraban de repetir as cousas que lles decía na clase: que si había unha poeta que escribira en galego poemas preciosos que ademais facían denuncia de situacións sociais inxustas; que lle devolvera a nosa lingua o prestixio que lle fixeran perder; e digo nosa porque aínda que non falabamos si veíamos como a xente da aldea ou mesmo os nosos pais a falaban, pero case con vergoña; que si era filla de un cura, que...

Que nesta España os sublevados contra a República mataran a un poeta granadino que estivera en Lugo e que pretendía devolver a cultura que lle fora arrebatada o povo.

Que desta España tivera que fuxir un poeta, tamén Profesor de Instituto, vello e enfermo, e que morreu en Francia.

Faloulles, e eles, os seus alumnos, nos falaban a nos, de Rafael Alberti, de un pastor, poeta, que morreu no cárcere...

Soubemos que existían un tal Anxel Fole, Luis Pimentel, Celso Emilio Ferreiro...

Imaxínade por un momento cal era a nosa extrañeza e o mesmo tempo a nosa admiración. Pero sobre todo imaxínade cantas cousas empezaron a xerminar na nosa cabeza. Máis tarde enraizaron, creceron e formaron e forman parte da nosa vida, do noso xeito de entender o mundo.

Ahora atrévome a preguntarvos a vos, sobre todo os máis escépticos, foi D. Xesús MAESTRO meu ou non? Teño que dici-lo como o sinto: sen lugar a ningunha dúbida, si. Tamén por iso estou aquí e seguro que por ser alumno a distancia de D. Xesús me deixaron falar. Moitas grazas

Clemente López Orozco

É moi difícil a estas alturas e no ámbito desta homenaxe dicir algo novo ou orixinal que non se dixese xa (e, por suposto, non soamente hoxe) sobre a personalidade inmensa de Xesús Alonso Montero.

Ademais, xa na homenaxe que se lle tributou no pasado setembro en terras de Castroverde intervimos para expresar a miña visión e as miñas percepcións sobre o impacto que, daquela, don Jesús deixou no Instituto de Lugo (o INEM, que algúns lían como “Infelices Niños Engañados Miserablemente”) e nos que alí fixemos o Bacharelato e o entón chamado Preuniversitario entre 1959 e 1966.

É obvio que non era un profesor máis, pois case todos viamos ou intuíamos que era “algo” distinto do resto ou, polo menos, da maioría do claustro daquela época. De seguida e logo co paso do tempo descubrimos o porqué: era o seu compromiso polos desfavorecidos e pola cultura e a lingua do país, de Galicia.

En Castroverde aproveitei a ocasión para agradecerlle a Xesús, porque el estaba polo medio, que avivase en min moitos recordos sobre outros profesores “de Letras” que marcaron a miña formación, por exemplo o de Filosofía, don Glicerio Albarrán, a quen moitos maltrataban sen saber nin intuír sequera que fora represaliado por ser home sabio e bondadoso.

Recordaba eu (como un dos 15 ou 16 alumnos que escolleramos “ir por Letras” e ós que nos situaban no fondo da aula, quizais como sinal premonitorio do desprezo e minoración da importancia das Humanidades, tan necesarias e útiles), os nomes e as figuras de profesores coma o de Latín don Amable Veiga Arias, ou os de Grego don Joan Vaqué Jordi e, cando este marchou, o de Alicia García Canto falecida o ano pasado, profesores que nalgúns cursos nos daban clase nunha antiga cociña do conserxe que estaba no soto do Instituto.

Esta homenaxe certifica que o profesor Alonso Montero deixou unha impronta indeleble en min e en moitos máis alumnos do Instituto e, por tanto, don Jesús, quedámoslle moi agradecidos. Graciñas mil, amigo Xesús.

Felipe Arias Vilas

XESÚS ALONSO MONTERO EN LUGO (O PROFESOR, O MEDIADOR, O AMIGO)

Penso agora nos xestos esquecidos dos petrucios, nas palabras maduras dos maiores, dos pais e dos avós, eses ouros perdidos ou case nunca herdados, caídos un tras doutro da árbore do tempo. Tamén dubido agora, con Cortázar, da vaidade de dar por certo un tempo que soterra os seus mortos e logo garda as chaves. Acaso só no poder da memoria e mais dos soños, do pensamento crítico, podemos abeirar o que antes fomos, antes de sermos isto que quen sabe se somos. Pois ser ou estar vivo é habilitar as chaves da interacción co mundo e agradecer a herdanza da xente hospitalaria que che axuda a medrar na fraga dos humanos, consciente e libre, para abrir novos planos. Goethe exprésao con lucidez humilde: “Se puidese dicir o que lles fun debendo a grandes predecesores e coetáneos, non quedaría moito de min mesmo”. “No perdono a la vida desatenta”, dinos Miguel Hernández.

Sinto a necesidade de expresar neste acto de recoñecemento colectivo ó profesor Alonso a débeda impagable contraída con el hai moitos anos, desde que me deu clase no Instituto Masculino de Lugo. El sabe xa da miña gratitude pola nosa dilatada amizade, pero non sobra nunca repetilo. Daquela aseñorábao, e douno por ben feito, por ser o tratamento que corresponde ós doctos e dignos de respecto. Non atuei a don Xesús ata que el mo esixiu, no Bar Azul de Santiago, sendo eu xa profesor nesa cidade. Pero volvamos ó Instituto, onde o mestre contribuíu a desarnarme e me facilitou as ferramentas, a chave das palabras, necesario compango sen o cal os humanos non experimentamos

conscientemente a vida.

Na historia da árbore que son, na miña dendrocronoloxía, Lugo representa varias capas e foi fertilizante decisivo na tréfga andadura do futuro. Vai no meu corazón, como os mestres que afortunadamente me marcaron, e o profesor Alonso moi particularmente. Fillo de pais labregos, era un mozote de 14 anos cando decidín facer o ingreso no Instituto. Levaba os rudimentos da enciclopedia Álvarez e algunhas conversas co fistor Xan Branco e con meu tío o Roxo. Tamén levaba a lingua da paisanaxe lumpen, domada, sen conciencia. Levaba, sobre todo, moitas ansias de saber. Aprendín moito de quen soubo ensinarme, sometendo os saberes sempre a crítica. Tiven a inmensa sorte de me atopar aquí con dous profesores fóra do común, dous mestres diverxentes entre tanto silencio e unanimidade. De María Victoria Moreno fixen memoria recente nun volume colectivo inédito. Sobre Xesús Alonso algo teño xa escrito e máis me queda por dicir e valorar, sobre todo da etapa de profesor-alumno, dentro e fóra das aulas, por ser etapa clave no meu tránsito da prehistoria á historia. Eles dous fixéronme devoto da boa literatura e velaron as armas dos meus inicios literarios, acolléronme na lingua marxina e fixéronme ver, tamén por vez primeira, a relevancia (e non unicamente literaria) de Galicia no mundo. Estou aínda vendo a don Xesús de facilitador na biblioteca do centro, amosándome a Valle ou Castelao, desmentindo nas súas clases (maxistras, incisivas) difamatorios criterios de escritores castelás sobre Galicia. Era sabio e sabía transmitilo. E eu funme decatando da pertenza a un país con historia e dignidade, lingua e cultura propias, mentres ía bebendo de tanta fonte limpa que os mediadores ilustres me aportaban: Rosalía, Curros, Lorca, Miguel Hernández, Antonio Machado, Celso Emilio Ferreiro, Fray Luis de León ou Cervantes, íntimas voces que me sacudirían como lóstregos e non me abandonaron.

Despedindo o curso 1969-70, Tino Cabanas e mais eu fomos os cabecillas na organización dunha homenaxe ó Profesor. A cafetería Monterrey rebordara de alumnos. Tamén nos agardaba algún que outro *cabronario* franquista. Concluído, sobre as 12 da noite, aquel acto emotivo, os cabezas visibles da intendencia fomos levados pola policía ante o sonado comisario Silvosa. Fomos interrogados durante toda a noite e o resultado fora mallar en ferro frío. Claro que entón sentimos desamparo, que se deriva da soedade e o medo. Cando saímos da comisaría contra a friaxe da amencida, os dous nos decatamos do firme empeño dos sicarios do réxime en botarlle a gadoupa ó homenaxeado.

Admirábate, admírote e sempre me sentín gratificado. Maniféstoche de novo a miña lealdade, feita hoxe irmandade, camaradería e amizade.
Ex toto corde.

Xesús Rábade Paredes

ADHESIÓN

Despois de ver os maravillosos textos que escribiron e publicaron sobre del en diversos medios de comunicación, algunhas persoas de boa pluma e do necesario sentido do rigor, aludindo ás moitas condicións e calidades da persoa que hoxe homenaxeamos, non contaba ter que expresarme. Foi Carme Rodeja quen insistiu para que dese comezo a unha rolda máis de escritos aos, por certo, toda a xente queda invitada, para entregarllas a D. Xesús Alonso Montero como recordo e evidencia, na súa homenaxe en Lugo.

Non hai moito estiven con el celebrando a memoria do común amigo Ferreiro, en Pontecesures. Eramos unhas amizades del que, con Katia a filla de Luís, xuntamos nun encontro con vagar. Estivemos falando de mil cousas. Falamos de cegas e cegos cantores, de fidores, da xente que se nos foi perdida nas nostalxias, Lorenzo Varela, Camilo Diós, A Chelo, Isaac Díaz Pardo, Neira e Anisia, Abella, Florencio de Calo e de tantas e tantos que quixemos e lembramos, sempre quedará alguén sen nomear porque son moitas persoas das que compartimos amizade e que aínda nos convocan en recordo feliz xunto a Avelino Muleiro, Abades, Nica, Xesús Redondo Abuín e outra marea de xente.

Hoxe véñenseme á cabeza aqueles tempos do Instituto e Maxisterio, onde Alonso Montero foi o meu profesor, aquel alucinado que nos amosou algo do que quedaba fóra dos libros. Tiña un don especial para implicarte nos seus horizontes, tiña a sensibilidade precisa e a capacidade dos grandes oradores para que non quedases neutro nin pasivo. Falounos do que non coñeciamos, naqueles tempos era cousa prohibida, tiña que ser todo o que matematicamente poñían os libros. El falounos de Rosalía, de Curros, de Eduardo Pondal, da cultura tradicional, dos contos e adiviñas, dun mundo preto de nós. En todos os autores que nos citaba arrastraba o erre, un erre incisivo como nacido no fondo da gorxa, para imprimir unha maior vehemencia, unha destacada forma e singularidade. Estaba no medio doutra xente moi singular, chóvenme no acordo D. Delio Mendaña co seu puro facendo nubes por onde pasaba, D. Glicerio Albarrán, a Nacha -a que viña buscar de vez en cando ou seu marido Ricardo Carvalho Calero, a Torviso, a Pegaso, a Teijeiro, Fouz a quen chamabamos cruelmente O Cabezolo, D. Froilán, o seu sobriño Pepito el Rápido, D. Pedro López Rubín, D. Secundino, a Pimentel, esposa de D. Xesús e nai dos seus tres fillos que tamén me deu clase, ...e polo medio Mariñas tocando a campá nos corredores de arriba e de abaixo, pois daquelas nin timbre había! En Maxisterio o conto foi distinto, xa tiñamos algo de cabeza, non moita, e dabámonos conta da necesidade de servirse de argumentos para o labor que de nós se agardaba. Frouxa preparación para o que logo sería unha docencia en arquitecturas case imposibles.

Alonso Montero, profesor de Lingua e Literatura, ademais de ser un grande orador e de seducirnos por entre os seus soños, petaba nas nosas durmidas consciencias e espertaba aquelas palabras de compromiso e verdade ignorada. Non abondaba en nós con insistencia, chegaba con facernos unha aproximación e despois interiorizar as furtivas leccións, nin sequera cumpría mirar ao lonxe. Había que mirar ao redor, no Noso, e ademais motivaba na compracencia que restaría azos ao autoodio que en nós tanto sementaran. Motivábanos para que a aprendizaxe fose máis doada e a partir de alí observar e ler, comprobar e auto-convencernos. Non chegaba con acumular informacións ou buscas, había que facer algo con elas e desde logo era necesario asumilas para darnos conta de que a Nosa Lingua e a Nosa Cultura tiñan o alivio e o consolo naquela época gris e de tantas soidades.

Quince anos botou en Lugo e deixou pegada fonda en toda a xente que o coñeceu, a xente que tivemos a sorte de estar nas súas clases e mirar moito máis alá, buscando novos horizontes. No aquén atopamos o conforto e os necesarios aloumiños do que é Noso, en Lingua e Cultura, en posesión dese libro do Mundo que nos habita e nos sinala o camiño onde queda a luz .

Despois de todo aquilo, eu atópoo aínda en pé de parábola e dignidade en actos da Memoria, en actos do Piloto en Chantada, de Gayoso e Seoane na Coruña, de Isaac Díaz Pardo en Compostela, de Neira e Anisia en Gres, ...cos seus noventa e pico anos segue a darnos esa lección maxistral do argumento en paradigma, esa prudente lección da vida que nunca se acaba mentres nos contemos. D. Xesús, sempre agradecido.

Mero Iglesias

Hai agora 30 anos, aínda en vida dalgunhas persoas próximas que xa non están connosco, referínome unha vez por escrito a vostede como «bo amigo que foi dos meus pais e pai que é de bos amigos meus». Porque, para empezar, e como vostede ben lembra, os seus fillos e máis eu compartimos parvulario envoltos en mandilóns brancos. Porque para mín Xesús Alonso Pimentel é aínda Cuchuchús e Sara Alonso Pimentel sempre será Sarita. Deixounos Emilio Alonso Pimentel, o meu coetáneo, un dos meus mellores amigos durante tantos anos, con quen compartín non só formación desde parvuliños, senón tantas e tantas inxerencias e vivencias de infancia e adolescencia, dentro e fóra das aulas da escola e máis do noso instituto. Emilio sempre vai connigo e irá connigo ata a fin.

De vostede quero agora sobre todo destacar unha faceta se cadra aínda non debidamente subliñada, a que me amosou cando eu sentaba no pupitre daquel instituto como bacharel elemental: o seu labor como profesor de lingua e literatura españolas. Profesor verdadeiramente con maiúsculas. Didáctico como poucos e esixente tamén como poucos. Lembro os seus estoupidos, tan temidos polo alumnado, cada vez que algún de nós acudía á aula sen traer feito o exercicio que tocaba para ese día. Como lembro a vastedade dos coñecementos que nos transmitía, facendo vivir, da súa man, para empezar a literatura castelá medieval (dende o *Auto de los Reyes Magos*, o poema do *Cid*, a estrutura métrica da *cuaderna vía*, o Arcipreste de Hita, Jorge Manrique...); a literatura clásica española, esixíndonos ler completo o *Lazarillo de Tormes* ou montando un día en cólera porque ignorábamos que persoaxe do *Quixote* leva o nome de Juan Haldudo, e, particularmente, a poesía contemporánea. Eu aínda podería agora recitar versos e mesmo poemas completos de A. Machado, M. Machado, F. García Lorca, M. Hernández e tamén de Rubén Darío ou mesmo de Juana de Ibarbourou, por exemplo. Hoxe os alumnos chegan ás facultades de Letras ignorando máis dun destes nomes e, tristemente, case que toda a súa poesía. Non o tiveron a vostede como mestre.

Pero tamén con vostede, cando a lingua e a literatura galegas non tiñan aínda espazo no ensino oficial, abordamos paralelamente a lectura de Rosalía, de Curros ou mesmo dalgunha que outra cantiga medieval de Airas Nunes ou Martín Códax, a carón de tamén algunha que outra *jarcha* mozárabe, como tivemos noticia daqueles «séculos escuros» dos que nos falaba nun contexto histórico en que as luces tampouco alumarían demasiado para nós de non ter sido pola excepcional presenza, polo excepcional esforzo, pola excepcional batalla contra un sistema e polo excepcional labor día tras día batallando non menos, que remedio, contra nós, os seus discípulos, que hoxe somos o que somos grazas, moi en particular, a que tivemos a inmensa fortuna de poder escoitar a súa palabra, transmisora do tesouro da cultura.

Agora e sempre, don Xesús, con vostede.

E crea ben que nunca máis esquecín o nome de Juan Haldudo.

Alexandre Veiga

“Por unha lamentable coincidencia cun compromiso académico -un curso noutra universidade-, non podo asistir á mais que merecida homenaxe ó noso querido profesor Alonso Montero, precisamente no Instituto Masculino, onde él exerceu con todos nós un maxisterio inesquecible.

Porque don Xesús foi o noso grande mestre, o de tantos rapaces que vivíamos con inquedanza naqueles anos difíciles previos ó colapso da dictadura: xa fora nas suas extraordinarias clases ou conversando no parque ou na sua propia casa -onde tantas veces nos acolheu- foi moito o que nos ensinou. Non somente a amar a literatura, senon tamén ó país, o tempo que espertou en moitos de nós un forte sentimento cívico. Despois de tantos anos, sinto que todo eso acompañoume durante toda a miña vida.

Por todo eso, grazas, querido mestre.”

Xosé Carlos Arias

Admirado profesor Alonso Montero, benquerido amigo Xesús: Sinto na alma non poder estar contigo na homenaxe que recibes no noso querido instituto agora ben nomeado Lucus Augusti. O 19 de abril estarei en Murcia por un compromiso que debo cumprir, como fago sempre. Mais hoxe desde Madrid quero mandarche a miña mensaxe de admiración, agradecemento, cariño e amizade. A admiración ven desde que nos coñecemos no instituto en Lugo, cando tiveren a sorte de ser alumno teu na clase de literatura, onde tanto aprendín, mais, por riba de todo, a cultura do esforzo no estudo e o amor polo traballo ben feito, entre outras moitas cousas da vida. Levo dito por medio mundo que foi un privilexio ter sido alumno teu. Nunca esqueceré aqueles guións escritos no encerado antes de cada clase nin tampoco a paixón coa que falabas despois do tema que tocaba. E aínda que as túas clases eran de literatura española, na niña cabeza prendeu por ti o lume da galega que xa nunca se apagará na niña vida. Despois marchei para Madrid e ti para a universidade galega. Vímonos poucas veces. Mais cando nos xuntamos, en Madrid, en Valencia ou en Galicia, sempre nos saudamos cun sorriso na cara seguido dunha aperta entre dous vellos amigos que se queren ben. As últimas veces foi en Madrid, hai anos, nunha conferencia túa sobre Aníbal Otero, na que, unha vez mais, experimentei que coa túa engaiolante música de falar podes emocionar mesmo falando de lingüística, e mais en Pontevedra, con motivo do “Premio de la Crítica” que se fallou nesta cidade, sendo eu presidente do xurado, e que coincidiu coa presentación dun libro teu polas mesmas datas. Daquela presumín de ti como sabio profesor e, se cadra, tamén quixen ver que ti estabas satisfeito do teu alumno da Pastoriza luguesa que te felicitaba.

Como terás moitas mostras de adhesión e cariño, non debo extenderme máis. Recibe unha forte aperta deste alumno que sempre estará orgulloso do teu maxisterio e da túa amizade.

Ángel Basanta

CUN AQUEL DE SEÑORIO

(A Xesús Alonso Montero..)

Eramos pícaros, pícaros da aldea... da Mariña, da Montaña... pícaros aquí e dacolá... todos ausentes de Nós... todos coas azas pregadas.

E así chegamos á cidade... e así nos atopou Pedro Petouto... mestre das mil alboradas... estraperlista de sonhos... revolucionario da palabra. E con el aprendín, aprendimos a soñar espertos (dormido soña calquera)... e soñamos... eu inda soño... decote... moi á calada.

E pouco a pouco, nun soño/don Quixote cabalgaba/por entre nubes de beixos/ que Xulio Verne pintaba/e aquel gaitreiro que antonte/un diamante soltaba.../ aquela gaita galega/ que Curros cantou, cantaba./ E Rosalía no entanto/ e Rosalía chamaba/ naquela porta que o ceo/ tiña para ela pintada/ cun cabaliño de buxo/ e aquel conto das laranxas...

Así foi como empezou/ unha historia inacabada/Pedro Petouto soñou/ Pedro Petoto soñaba/ mentres coas súas mans mornas/ a miña alma acariñaba...

Miñas donas, meus señores/collan dos anxos as azas/ da bolboreta mil cores/de mans tenras unha ollada/ que no autobús dun raiolo/ eu marchou prá miña lámpada... Meu mestre, meu fistor, meu compañeiro... meu gaiteriño da alma, como nunca ta marchaches... flca en Lugo... non te vaias!

En Nois, un día calquera dun ano azul que non lembro.

Paco Rivas

A XESÚS ALONSO MONTERO, PASANDO POR MANUEL LUEIRO, LUIS SEOANE E CASTELAO

Quixera comezar a miña intervención agradecéndolle a Carmen e a todas as persoas da organización que, xuntos, foron quen de recoñecer a través desta homenaxe a figura dunha persoa esencial, de primeira orde, na vida cultural e intelectual desta Terra Nosa como é o profesor XESÚS ALONSO MONTERO.

Agradecemento fondo por teren escollido, para celebrar este acontecemento “o seu Instituto” o Lucus Augusti, o lugar onde exerceu durante 16 anos a docencia, do ano 1960 ao 1976. Agradecemento tamén pola escolla do hotel Méndez Núñez, que acolleu no ano 1918 a I Asemblea Nacionalista, á que asistiu Castelao; o mesmo lugar no que hai agora 92 anos (1932) faloron Antón Vilar Ponte e Ramón Martínez López, para redennlle homenaxe de recoñecemento a Castelao.

Centrareime na figura e na miña relación de fondo agarimo pola persoa á que hoxe celebramos. Comecei a saber do profesor, don Xesús Alonso Montero, sendo eu un rapaz inqueda de apenas 19 anos (1980) cando un bó amigo del, e logo tamén meu, tendeu pontes entre nós, refírome ao escritor e político Manuel Lueiro Rey, veciño meu na vila do Grove, onde aquel ano exercía como concelleiro de cultura nas listas do Partido Comunista, onde o PC gobernaba dende as eleccións de 1979, caso único na Galicia da época, as primeiras elección da transición democrática, se tal cousa era aquel tránsito... Lueiro organizou naquel ano unha semana cultural en lembranza do principal referente político que tivemos en América logo do pasamento de CASTELAO, refírome ao galeguista sen fendas Luís Seoane, que falecera uns meses antes. As actividades tiveron ampla resonancia, porque non se fixera nada semellante, aínda, naquel tempo no que nin sequera tiñamos a Autonomía

galega. Interviron naquelas xornadas figuras principais das letras e da intelixencia, como Alberti, Cuadrado, Novoneyra, Cuña Novás, Bodaño, Lueiro e Alonso Montero, entre outras persoas que sería longo de máis traer aquí, disculpando a súa asistencia Díaz Pardo por estar de viaxe de traballo.

Ao remate dun dos actos nos que falou Xesús escoitei dicir algo que non era novo para min: é unha persoa cunha mente lúcida, privilexiada, **mais é comunista!** A mesma frase que escoitara, sendo neno, sobre Manuel Lueiro, a quen se lle engadía... **é comunista! e por riba traballa en Facenda.** Como se ser comunista fose incompatible con traballar na función pública, traballar no que fose para gañar o pan, ou ter unha mente lúcida. Aquilo chocábame, e fixeime en Xesús... seguramente para tentar descubrir o mal que tiñan aqueles homes “COMUNISTAS”.

Tiveron que pasar algúns anos para volver atopármolos. Foi no aeroporto de Santiago, o 28 de xuño de 1984. Alí estábamos Miguel Besada, do Grove e mais eu e por fronte un intelectual da talla de Alonso Montero. Eu era aínda moi novo, 24 anos, e acababa de ingresar no vello Partido Galeguista da man de Martínez López, Pousa Antelo e Manuel Beiras, e alí estaba -man con man- con Xesús diante dos Gardas civís que tiñan ordes de impedir o acceso ao aeroporto para recibirmos o corpo embalsamado de Castelao. Non precisades que vos conte cal foi a actitude de protesta cívica de Xesús diante daquela manipulación, o que sí quero é que saibades que ao seu carón, sendo eu tan novo, sentínme moi perto del, ambos loitando por un mesmo fin.

Daquela eu levaba algún tempo estudando, interesándome, pola historia da Galicia e da sorte das súas xentes de alén e aquén mar, das que padeceran a sen razón do golpe militar, algunha delas moi próximas, da miña casa, ou da familia de Jacobo Otero Goday, o médico dos pobres e líder da Fronte Popular no Grove e do seu sobriño Xacobe Barral Otero, o derradeiro alcalde republicano e dirixente do Partido Galeguista, co que me uniu unha fonda amizade ata o seu pasamento en 1990. En todas as conversas que tivemos sempre aparecía algunha mención aos militantes comunistas e o seu compromiso polo voto favorable ao Estatuto de Autonomía en xuño de 1936. Foi dese xeito como revisei a misión cultural e patriótica que o goberno da República lle encomendou a Castelao, en 1938, a de levar a voz republicana a Rusia, Nova Iork ou Cuba... e fixeime na figura dun home novo, sempre a carón de Castelao, o comunista e nacionalista Luís Soto, mestre exiliado.

Co pasar dos anos fun coñecendo e tratando a outros destacados comunistas, como Santiago Álvarez, co que fixen amizade dende que veu ao Grove presentar o seu libro “Castelao y nosotros los comunistas”. E volvíñ bater coa figura de Alonso, no cemiterio de San Mauro, en agosto de 1986, cando o PG organizou a homenaxe do 50 cabodano do fusilamento na Caeira, en Pontevedra, do secretario do Partido Galeguista, Alexandre Bóveda.

A morte de Lueiro en 1990, xuntounos máis a Alonso e a min, por un chamado da súa viúva Maruxa Lores, e guiados polo profesor Ramón Nicolás, organizámonos no que demos en chamar “A CAUSA LUEIRO” na que xunto moita outra xente decidimos facer chegar á veciñanza a obra do escritor e político Manuel Lueiro, labor no que foi motor de explosión o maxisterio de Xesús. Desá iniciativa xurdiron moitas realidades actuais como o premio de Novela curta que leva o seu nome no Grove, do que Alonso era presidente do xurado, ou o de Poesía, tamén co nome de Lueiro, convocado polo concello de Fornelos, reedicións da súa obra, xornadas, presentacións... e alí estivo sempre a figura beatífica de Alonso Montero, leal ao amigo que marchara.

Xa me estarriquei demáis e non quero facer unha glosa dos méritos destes dous “COMUNISTAS” aos que me referín, Lueiro e Alonso, só pretendo deixar testemuño do moito que aprendín escoitándoos, vendo a súa exemplar traxectoria... mais quero rematar contándovos unha historia nada coñecida e que nos afecta.

En 1997, Xesús Alonso Montero, propúxolle a Teresa Castelao trasladar os restos mortais dos Irmáns Ínsua, inmolados en abril do 37 no Bou Eva, dende o cemiterio de Baión, en Vilanova de Arousa, ao de Rianxo. Xesús sabía da fonda querencia que nos tiñamos a irmá de Castelao e

mais eu, a quen trataba como se fose fillo dela porque seica vía en min as ideas de seu irmán Daniel. Nesta xestión, Xesús botoume a man polo lombo e pideume a miña mediación, sabedor desa querencia. O traslado dos restos fíxose en xuño de 1998, e os méritos non son meus, son deste home ao que hoxe celebramos por tanta bondade e discreción.

Remato xa, aínda que podería seguir contándovos cousas desta persoalidade coa que teño rido, discutido, pelexado, cantado, emocionarnos... mais o principal é que temos loitado xuntos, este comunista e este galeguista, por unha Galicia mellor, dona de seu, diferenciada de calquera outro pobo do mundo, mais na mesma vontade de fraternidade mundial e no universalismo solidario cos pobos oprimidos e as xentes desfavorecidas.

Se trivese que escoller un deses momentos sería o do 17 de agosto de 2023, unha vez máis no camposanto de Santo Amaro, en Pontevedra, no 120 cabodano do fusilamento de Bóveda, un acto organizado polo Partido Galeguista no que interveu o presidente do Parlamento de Galicia, eu como secretario xeral do Partido Galeguista, tres ou catro persoas máis e que se pechou coa portentosa intervención de Xesús, figura por quen **unanimemente** decidimos saltar o protocolo, sabedores todos os participantes que o seu maxisterio ben merecía ese xesto. Co que estivo dacordo o presidente do Parlamento a quen lle correspondería. Xesús, non só non nos decepcionou, ao contrario emocionounos a todas e todos os presentes, sen que importanse a adscrición ideolóxica de cada quen.

Ben querido profesor, mestre, amigo, sabio, como Secretario Xeral do PG trasládoche o noso respecto e amizade, persoal e política.

E agora, amigas e amigos, Saúde e Terra... Berrade canda min na súa honra:

VIVA O MESTRE ALONSO MONTERO!!

VIVA GALICIA!!

Francisco López Franco, “Chesqui”

ALGO MÁIS CA UN PROFESOR

“Yo soy Fernando, un chaval de Lugo.” Así, parafraseando en castelán o comezo da novela de Neira Vilas, *Memorias dun neno labrego*, podería comezar esta laudatio ao meu prezado mestre Xesús Alonso Montero. E esta escolla non é casual xa que, sendo alumno de D. Xesús, en primeiro e segundo de Bacharelato no, polo daquela “Instituto Masculino”, descubrín o galego porque, coma todos os rapaces do meu tempo que viviamos na cidade, o noso idioma era descoñecido para nós ou tiñamos unha visión pexorativa del.

Lembro perfectamente que, entre outros mesteres, debiamos elaborar un pequeno dicionario das palabras en galego que iamos aprendendo en cada clase que nos impartía D. Xesús, aínda que, realmente, a materia que impartía era “Lengua Castellana” e que estudabamos naqueles libros de texto de Evaristo Correa Calderón e Fernando Lázaro Carreter.

Entre o alumnado daqueles cursos recordo que estaba, tamén, o seu fillo Xesús Alonso Pimentel, máis coñecido hoxe por *Cuchus Pimentel* e un curmán seu, de nome Juan, se non me falla a memoria.

Grazas a D. Xesús, posto que naquel momento non había as familiaridades co profesorado que hai actualmente, achegueime ao idioma galego e á nosa cultura, debido a que nas súas clases, ademais da aprendizaxe da lingua de Cervantes, descubrimos, tamén, a Rosalía de Castro, a Curros, a Pondal e, por suposto, a Castelao. Era habitual que D. Xesús lera, co seu peculiar xeito de falar, poemas destes tres poetas, así coma

contos do libro *Retrincos*. Despois, o noso labor didáctico consistía en copiar, no noso pequeno dicionario de galego, as palabras que aprenderamos para logo memorizalas.

Lembro con gran agarimo que, durante a hora que duraba a clase, nunha ocasión D. Xesús nos lera a obra de Neira Vilas, *Espantallo amigo*, pois non todo ía ser estudar artigos, adxectivos e verbos e cumprir co programa!!! El tiña tempo para todo!!!

Durante as clases, cando D. Xesús explicaba, había que estar totalmente quietos e escoitalo con suma concentración, nada de xogar co bolígrafo nas mans, senón que tiñamos que permanecer cos brazos cruzados e prestando a máis absoluta atención. O seu mérito, e hai que recoñecelo así, e que se o escoitabamos con entrega e dedicación, pouco había que estudar despois.

Asemade, tampouco podo esquecer que, nunha ocasión, lle preguntei cal era a denominación correcta: Atlántico ou Atlántico e a súa resposta foi unha longa e rigorosa explicación que nos librou de estudar naquela xornada a materia que tocaba impartir.

Despois de facer os dous primeiros anos de bacharelato no “Instituto Masculino”, pasei, ao que sería un ano despois, o primeiro instituto mixto de Lugo e xa, lamentablemente, lle perdín a pista ao meu prezado profesor que, pouco tempo despois, marcharía para Vigo.

Como non recordar tamén e con gran ledicia para min o día no que nos atopamos de novo, foi nun xantar en Sargadelos en compañía doutra persoa pola que sinto gran admiración: Isaac Díaz Pardo. Compartimos con fervor as liortas no IGI cando o expulsaran os socios máis mercantilistas que non entenderon, nin entenderán, o proxecto de Díaz Pardo e coincidimos, posteriormente, no seu enterro e nos primeiros aniversarios no cemiterio de Boisaca, entre mazás e pombas, encontros dos que conservo algunhas entrañables imaxes, xunto cos seus fillos e amigos Xosé e Camilo.

Quixera rematar cunha importante apreciación persoal. Grazas ás ensinanzas de Alonso Montero a miña vida mudou radicalmente. Naqueles anos, estou a falar dos anos 68 e 69 do pasado século, pasei de ser un rapaz sen conciencia do seu país natal, do seu idioma e da súa cultura, a ser hoxe un nacionalista, pero matizo, non separatista. Se non fora por Alonso Montero, o meu futuro sería, probablemente, ser un castelán falante tanto a nivel coloquial como formal, produto do ensino oficial franquista que imperaba naquela época. Por iso, sempre lle estarei moi agradecido porque, máis ca un profesor, foi un mestre para min, un cicerone que me levou da man a inserirme no noso idioma e, por ende, na cultura do noso para respectala, dignificala e darlle o lugar que lle corresponde como sinal de identidade e que, sen ningunha dúbida, nos representa a cada unha e un de nós.

Grazas sempre, mestre.

Fernando Arribas Arias

Alonso Montero foi sempre para min un profesor soñado, porque non tiven a sorte de ser a súa alumna. Cando eu estudei en Santiago era el profesor no CUVI, pero mesmo así foi sempre un referente.

Cando se me pasou pola cabeza por primeira vez a posibilidade de facer unha tese, fascinada pola figura de Maruxa Villanueva que era daquela inda a inefable gardadora da casa de Rosalía, pensei en traballar sobre o teatro galego en Bos Aires. A quen recorrer entón para guiar ese traballo? Inevitablemente ao profesor Alonso Montero.

Aínda recordo moi vivamente aquel primeiro encontro nunha cafetería de Vigo, a afabilidade da conversa e o entusiasmo con que me acolleu

e me desviou do meu propósito inicial para suxerirme un novo campo de traballo do que eu non sabía absolutamente nada, nin que existise: o dos exiliados galegos en México.

Así iniciéi as miñas lecturas sobre o exilio, aínda vivindo en Alemaña como lectora, onde había xa unha longa tradición de estudos da literatura dosexiliados. Pero sobre todo iniciéi unha relación cun grande mestre, moito máis que un profesor, un mestre e un amigo.

Inesquecibles serían sempre as visitas ou encontros co mestre, aínda que fosen moi esporádicos e casuais. El sempre tiña algún galano especial pensado para cada quen en función dos seus intereses.

Os ventos da vida leváronme finamente á Universidade de Barcelona onde había unha forte escola de medievalistas e cambiei de novo o tema das miñas investigacións, pero non por iso se esgotou o mestrado de Alons, incansable na teima polo estudo dos exiliados. Encontrámonos entón nalguna actividade do Grupo de estudos do exilio literario GEXEL, dirixido por Manuel Aznar na UAB, ou nalgunha actividade que organizabamos na UB co seu bo amigo Basilio Losada. Xesús viña sempre a Barcelona cargado con libros, separatas ou folletos diversos para min e as outras compañeiras, como un pai Noel que reparte galanos, e tamén encomendas e responsabilidades.

Así cos anos foise construindo o aprecio por mestre que xa é un verdadeiro amigo, un modelo e un membro da familia, do círculo dos afectos máis apreciados da vida.

Parabéns aos organizadores desta homenaxe tan significativa pola importancia da cidade de Lugo na vida de Alonso Montero e viceversa.

Longa vida a un enorme profesor e ser humano excepcional, cunha aperta longa ao amigo Xesús Alonso Montero.

Chus Lama

XESÚS ALONSO MONTERO (ACRÓSTICO)

Xuntache amizade con andar
Espallache cultura no ensinar
Sementache ledicia nun fogar
ünico, foche, es, serás por lembrar
Sendo neste país un certoiro pilar.

Aprezado defensor da lingua galega
Longa o longuiña son as túas areas
Orgullo de biblioteca para a cultura
Natural como esta Galicia de lenda
Sobre un porvir entre mar e terra
Onde o teu latexo no mundo lega.

Maneiras medran e con vida quedan
Obras con fermosas coroas de poeta
Nun marco galardoado con literatura
Tinta, mente, amor e auténtica pluma
En cada recuncho que atesoura falar
Ribadavia, Vigo, Lugo, Galicia enteira
Ollará de ti unha persoa verdadeira.

Con honra e agarimo

Ana Vila

Bendicións e larga vida a Don Xesús; naqueles anos 60-70, anos de felicidade completa da miña adolescencia e alumna do Instituto Femenino, las chicas hablábamos castellano e os rapaces veciños -os institutos estaban separados- comenzaban a falar galego pola calle (xa sabiamos que eran alumnos de Don Xesús). Qué tempos aquéles!!

Ana María Torre González

El Maestro con mayúsculas: Xesús Alonso Montero, el profesor que me impactó más fuerte y sostenidamente en mi bachillerato, que me contagió la pasión por la literatura, y el amor por las lenguas gallega y castellana, aunque clases de gallego nunca recibí. Pero sí estímulos para leer a nuestros prosistas y poetas, desde los primeros bardos hasta los contemporáneos más comprometidos de aquel momento. Extraordinario personaje: infundía respeto como ningún otro y a la vez nos regalaba de continuo con la distensión vivísima de su humor y su magistral didáctica perlada de relámpagos de genio. Cuántos recuerdos estupendos de aquel tiempo esperanzado.

Enrique González

Coa gratitude impagable por ter sido alumno do querido profesor D. Xesús Alonso Montero!!

Álvaro Varela Suanzes-Carpegna

Homenaxe imprescindible a unha das nosas persoas imprescindibles. Unha aperta cordial, Xesús

Víctor Manuel Santidrán Arias

Homenaxe a quen loita dende sempre polas causas xustas

Emilio Crespo Correa

O meu agradecemento e cariño ao profesor que tanto fixo por min para ter os valores humanos que guiaron a miña vida.

Rafael Sánchez-Fernández García

O Instituto de Estudos Ulloáns (IEU), asociación cultural da comarca da Ulloa, adhírese á homenaxe en Lugo a D. Xesús Alonso Montero, socio de honra do IEU e promotor do recoñecemento da obra do poeta monterrosino Lorenzo Varela.

O meu recoñecemento ó meu profesor Xesús Alonso Montero como mestre, escritor e toda a súa traxectoria de traballo pola nosa lingua, cultura e sociedade galega.

Jaime Rodríguez Ouro

Grazas polo inmenso exemplo ético e intelectual. Chea de gratitude, mestre!

Rexina Rodríguez Vega

Ando de viaxe e sinto ben non estar presente, pero acordareime de ti e da débeda moral e intelectual que teño contigo desde hai 64 anos.

Antón Santamarina Fernández

A miña adhesión total á homenaxe ao benquerido profesor en COU don Xesús Alonso Montero que naqueles tempos foi un faro que empezou a guiarnos pensando diferente ao obrigatorio. Despois tiveren a sorte de asistir a moitas palestras e intervencións súas nas que sempre aprendía algo novo. Tamén foi o presidente do tribunal que me aprobou a oposición, moito lle debo. Grazas, profesor!

Parabéns tamén para o instituto por organizar a homenaxe.

Anxo González Guerra

Grande admiración pola persoa e a obra de D. Xesús Alonso Montero

María Luisa Padrón Guede

Admiración e respecto a D. Xesús Alonso Montero

J. Antonio García Ordóñez

Pasen os anos que pasen, segue na miña lembranza e no meu corazón. Unha aperta sideral, meu querido amigo!

Antón Campelo

No meu nome propio e no da Asociación Cultural Mesa das Verbas de Vilagarcía de Arousa, que me honro en presidir, parabéns a D. Xesús pola súa vida de compromiso e pola súa extraordinaria obra, que axudan a xoerguer Galicia. En hora boa ao IES Lucus Augusti pr esta loable iniciativa.

Germán Manuel Torres de Aboal

¡Con las ganas que tengo de que cantemos juntos tras un encuentro de amistad, o meu querido Xesús...! Pero no podrá ser este día en Lugo... aínda que sempre perto, meu amigo. Que sigamos compartiendo el canto del mirlo mil primaveras más. Bicos

Marifé Santiago Bolaños

Estou encantada de participar neste recoñecemento a Xesús Alonso Montero, a quen coñecín en Puerto Rico na miña adolescencia e co

que compartin numerosas conversas. Un agarimoso saúdo.

Mariña Rodríguez Blanco

Gracias ó profesor Alonso Montero polo traballo realizado no insituto Masculino, do que moitos rapaces nos beneficiamos moito máis do que daquela mesmo imaxinabamos. O día 19 estarei no vello "Masculino", agora IES Lucus Augusti, para rendir homenaxe a un dos mellores maestros que tiveren na miña vida.

Xosé Antón García Ferreiro

Con orixes na nación sociolóxica das clases humildes, nos labirintos da miña adolescencia, o profesor Alonso Montero ten sido para min a persoa que me abriu os ollos á cultura, á ética, á solidariedade, á conciencia de clase e á autoestima.

Quero deixar ademais testemuño de respecto e admiración polo seu impagábel labor a prol da Terra, da Lingua e da Cultura, polo compromiso insubornábel que ten presidido a súa vida.

Referente e semente da loita imprescindíbel, non dubido en situalo na tribo dos bos e xenerosos do bardo Pondal e atribuirlle aos mellores adxectivos do catálogo da xente da que paga a pena arrodarse e gardar amizade.

Por todo isto e moito máis, a miña eterna gratitude.

Aperta de buxo chairego

Xosé M. Felpeto Enríquez

Antigo alumno en sexto de bacharelato, a pegada do profesor na miña formación foi esencial e nunca poderei esquecerlo

Xosé Lastra Muruais

Con respecto e con cariño, D. Xesús. Gracias por querer ser libre, por saber educar e ensinar. Nun plano máis informal, é unha mágoa que non exista o Bar Yuma para ir alí a protexernos un pouco do Sr. Mora e compañía.

Desiderio Novoa Piñeiro

*A adhesión sincera e expresa do **Club Cultural Valle-Inclán** á merecida Homenaxe que se lle tributa en Lugo a don Xesús Alonso Montero o 19 de abril de 2024*

Querido Xesús: Emocióname tanto cariño que estás recibindo. Eu, dende Nigrán, tamén che mando toda a mitad admiración e cariño porque ir a Lugo resúltame moi lonxe, os anos van pesando...

Loli Losada

Felicidades! Un homenaje muy merecido. Me hubiera gustado mucho poder estar con usted. Un fuerte abrazo de parte de toda la familia Gómez del Valle

Querido Xesús.

Gostaríame estar hoxe ao teu lado na túa merecida homenaxe. De feito tiña a participación na comida e demais actos dende fai tempo. O caso é que tiven unha caída e é imposible que poida acudir.

Facíame moia ilusión estar hoxe contigo xa que o meu marido Manolo non estaría, e recordando aqueles tempos nos que te defendeu como amigo e acogado nas postrimerías do franquismo.

Unha aperta.

Aurora Roca

Bos días profesor.

Deume moita ledicia velo na homenaxe de Lugo con tanta forza física, anímica e verbal.

Quero manifestarlle o meu agradecemento porque vostede, sendo eu seu alumno en Lugo, ensinoume que Antonio Machado era moito máis ca un poeta ao que lle gustaban as ulmeiras e agasalloume para toda a miña vida unha Poesía e unha Filosofía.

José Vera

Homenaxe de total xustiza amigo e querido Xesús.

Unha fonda aperta na irmandade dos galegos bós e xenerosos.

Xamáis esqueceré o teu comportamento e a túa axuda naquel curso 1978-79 no IB Alexandre Bóveda no caso Leónides- Toledano.

Elena dime que che manda bicos e que quere que volvades con nós ao barco para escoitar a túa conversa.

Apertas fortes Xesús.

Constante Touzón

Vivo en Valladolid. Soy castellano, pues. Pero, muy afortunadamente para mí, hice el bachillerato en Galicia. Y, en bastante proporción, se me puede aplicar aquello de "Uno es de donde hace el bachillerato" (Max Aub dixit, a lo que parece).

Durante los cursos 63/64 y 64/65 fui alumno del Instituto Masculino de Lugo y, en algún momento, el único no gallego de la clase del profesor Alonso Montero. Está circunstancia hizo que, haciendo gala de su elegancia de espíritu, el profesor me tratase con especial cariño. Ya sé que todos sus alumnos guardamos un recuerdo inmejorable de sus clases y un amor a la literatura nacido o consolidado en ellas. Particularmente, yo le debo el agradecimiento añadido de un mejor conocimiento de las letras gallegas y un permanente interés

por ellas. Con él aprendí: "Castellanos de Castilla, tratade bem aos galegos..."(Rosalía) versos dichos sin el menor rencor y sobre los que, incluso, hacíamos bromas. Pero también "Como chove meudiño..." (Rosalía, otra vez) o aquella maravilla de "Cercáronme as ondas que grandes son..."

Siento enormemente no estar hoy en Lugo, era el día perfecto para volver, pero sí quiero decir que me sumo al homenaje con todo mi cariño, respeto, admiración y, sobre todo, agradecimiento.

Estoy seguro de que tendrán todos ustedes un día tan maravilloso como se merecen.

SALUDOS.

Emilio González Lillo

Cando se fala de Alonso Montero todos pensamos no intelectual brillante e profesor excelente e comprometido ..Eu ademais acordome cando viña fai mais de cincuenta anos a S martin de suarna , en pleno franquismo ,e nos dicía q o mesma fame tiña un fillo dun labrego que dun catedrático ..e polo tanto merecía as mesmas oportunidades ...meu pai, Ovidio ,mestre de Lencias recordaba muitas veces esa frase e loaba a valentia que Montero tiña iniciando na filosofía marxista a un nutrido grupo de homes e mulleres daquela aldea que logo dun xeito ou outro participaron na loita nesa longa noite que vivimos. Grazas sempre ...e que o paso dos anos sigan permitindoche deleitarnos coa palabra precisa e o discurso ameno e sabio ó que nos tes acostumbradas. Saúde!

Nevo Alvarez Santamarina

Moitas felicidades Xesús por esta merecida homenaxe. Quero no meu propio nome e no da Asemblea Republicana de Vigo , sumarme, sumarnos a esta moi merecida homenaxe que te tributan os teus antigos alumnos e alumnas do Instiruto Lucus Augusti de Lugo. E eu, que non tiven a sorte de ser alumno teu cando impartías aulas na túa época de actividade laboral como docente, so podo decir que considérome o teu alumno cada vez que teño a oportunidade de aprender de ti, da vida, da loita e dos saberes. E sempre lembro que o meu moi admirado Francisco Fernández Buey tiña como inmensa honra e orgullo ter sido alumno teu nos anos en que impartiche aulas no instituto de Palencia ala polo ano 1959 Máis nada Xesús. Disfruta deste día Saúde, Saúdos Republica e Memoria Aperta fonda e longa

Celso López Pazos (pola ARV)

Desde a nosa Asociación sumámonos a tan merecida Homenaxe. Parabéns mestre e amigo.

Asociación de Memoria Histórica Democrática

Alonso para min é un referente, as gracias douchas eu por organizar o acto. A túa, a vosa, disposición

Elena Candia

Parabèns do teu amigo Acisclo.

Moitos parabéns querido profesor.

Sinto moito non poder acompañalo nesta merecida homenaxe.

Un saúdo co meu cariño e admiración

Tareixa Campo

Benquerido e admirado Xesús:

Resúltame imposible achegarme a Lugo, mais envío a miña adhesión á merecida homenaxe de todo corazón.

Marilar Aleixandre

Por razóns de saúde non me è posible comparecer neste "noso" Instituto e compartir a homenaxe ao profesor Alonso Montero. Súmome a éste merecido recoñecemento, non só polo seu maxisterio, que tamén, mesmo polo seu exercicio cotián de galegidade e compromiso.

Xulián Parga

Desde Segovia unha lembranza desde que sexa "rosas l'alba y rosicler el día" o día 19.

Antón Santamarina

Alonso Montero é unha figura senlleira en Galicia. Todo en el é admirable e un exemplo de Amor pola lingua galega

Margarita Gonzalez

Moitas gracias por rendir tan merecida homenaxe ao Profesor Alonso Montero.

No ano 98 tiven a sorte contar coa súa colaboración no documental que fixeramos entón sobre os 6 poemas galegos de Federico García Lorca, emitido RTVE nese mesmo ano. O profesor fixo unha introdución maxistral, sen cortes, e non fixo falta realizar outra toma nin siquiera por seguridade, os adxunto enlace para que podades disfrutar: Lorca, Santiago y seis poemas galegos.(Alber Ponte, Rafael Toba) 1998.

Saudos e Noraboa

Rafael Toba



“... a miña patria é Lugo. Porque a patria é a das esperanzas”

